



ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Laura
Rubio Lareu

Tese de doutoramento

Estratexias analíticas integrais
para novos retos no control da
seguridade de cosméticos

Santiago de Compostela, 2022

Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química



TESE DE DOUTORAMENTO

**ESTRATEGIAS ANALÍTICAS INTEGRAIS
PARA NOVOS RETOS NO CONTROL DA
SEGURIDADE DE COSMÉTICOS**

Laura Rubio Lareu

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2022





DECLARACIÓN DA AUTORA DA TESE
ESTRATEGIAS ANALÍTICAS INTEGRAIS PARA NOVOS RETOS NO CONTROL DA
SEGURIDADE DE COSMÉTICOS

Dna. Laura Rubio Lareu

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
- 4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En Santiago de Compostela, a 18 de Outubro de 2022

Asdo: Laura Rubio Lareu



AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR / TITOR DA TESE
ESTRATEGIAS ANALÍTICAS INTEGRAIS PARA NOVOS RETOS NO
CONTROL DA SEGURIDADE DE COSMÉTICOS

Dna. Marta Lores Aguíñ

Dna. Carmen García Jares

INFORMAN:

Que a presente tese correspóndese co traballo realizado por Dna. Laura Rubio Lareu, baixo a nosa dirección/titorización, e autorizamos a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directoras desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

De acordo co indicado no Regulamento de Estudos de Doutoramento, declaran tamén que a presente tese de doutoramento é idónea para ser defendida en base á modalidade de compendio de publicacións, nos que a participación da doutoranda foi decisiva para a súa elaboración e as publicacións se axustan ao Plan de Investigación.

En Santiago de Compostela, a 18 de Outubro de 2022

Asdo. Marta Lores Aguíñ

Asdo. Carmen García Jares



AGRADECIMENTOS

Despois destes catro anos, foron moitas as persoas que estiveron presentes dalgunha maneira nesta viaxe.

Quero comezar agradecendo ás miñas directoras, Marta Lores e Carmen Garcia-Jares, pola oportunidade de poder realizar esta tese doutoral e formarme con elas. Grazas Marta, por ese amor a primeira vista naquelas prácticas de QA III, por esa conexión e por mantela. A Carmen coñecina máis tarde, pero confiou en min dende o primeiro momento e grazas pola calma e tranquilidade. Grazas a ambas polo apoio, entusiasmo e axuda incondicional.

Grazas á equipa de LIDSA, á outra familia, con esa coa que, ás veces, compartimos máis tempo que coa propia. María C. ti es LIDSA, axuda constante e un pilar imprescindible. Grazas por reivindicar xuntas os nosos dereitos na USC e por todas esas nosas conversas. Grazas tamén aos meus *Doutorandiños*, por compartirmos esta etapa tan importante xuntos, apoiarnos e axudarnos. Aly, grazas por ser o meu compi de lab e todo o que implica, por ensinarme palabras e expresións latinas e por transmitir sempre a túa alegría. Lúa, grazas por estar sempre para as miñas preguntas tontas e por facerme un punto falando galego! Dani, sempre tan amable e disposto a botar unha man, e incluso ata responderme tamén en galego. Tamén ao último en chegar, Miguel, grazas por poñerme boa cara sempre que che pedía algo. Grazas tamén a María Llompart polos bos momentos na docencia das prácticas.

Pero LIDSA tamén son todas aquelas persoas que ao longo destes anos foron pasando polo laboratorio, que non quero esquecerme delas: técnicos, estudantes de TFGs (en especial, a “miña” Andrea),... Teño que facer unha especial mención a Pablo, por axudarme en todo cando comecei en LIDSA co TFG e TFM. A Perla, por transmitirmos todos os seus coñecementos. Grazas a Marlene e Eugenia por acompañarme nos inicios e a Rocío por seguilo facendo aínda agora. Grazas tamén aos que viñeron por un par de meses: Ante, Kristina, Edgar... pero en especial a Pi e Mika. Thanks for all our moments! I would also like to thank Mika, for our connection, for keep this

friendship, for "reading" my messages and helping me and for feeling you so close even though you are so far away.

Quero agradecer ao Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía por refuxiarme durante estes anos e aos veciños do GETEE. Tamén á Xunta de Galicia, ao proxecto NeoGiANT e ao programa ERASMUS+ pola financiación para os contratos e estancia.

Muito obrigada à Professora Cristina Barrocas Dias por me ter acolhido no laboratório Hércules da Universidade de Évora durante três meses. A Pedro e, especialmente a Mafalda, por ter comprendido o meu galego e se ter conectado comigo. Obrigada também aos meus colegas de Évora, Lisa e o nosso gato Semi, que se converteram em parte de mim.

Grazas ás miñas amigas Laura e Rocío, por apoiarme sempre aínda que non entenderan moi ben o que estaba facendo. E grazas por comprender a falta de tempo dos últimos meses.

Grazas aos amigos da carreira: Isa, Noemi, Xandro, Amancio, Kiko, Cris, Lara, Andrea, a pesar da distancia, estamos dalgunha maneira ao outro lado. Grazas a demais amigos e familia. En especial, quero agradecerlle a miña nai por todo o que fixo por min sempre e polo apoio (aínda que á súa maneira) destes anos. Grazas ás persoas que me acompañaron pero que lamentablemente hoxe non están. Á miña avoa, sempre soñei con que estiveras neste momento e non puido ser. Todo isto vai por ti, agardo que te sintas tan orgullosa de min como o estou eu de ti.

E por último, pero non menos importante, grazas (unha vez máis) por todo, Dani, por apoiarme e por aturarme cando nin eu mesma o fago. Non só por non deixarme caer, senón tamén por tenderme a man para levantarme e recordarme que eu podoo. Grazas tamén á túa familia por considerarme unha máis, suplir esa falta que eu teño e por alegrarse dos meus éxitos como se fosen teus.

ÍNDICE

Abreviaturas e acrónimos	i
Abstract	vii
I. Xustificación e obxectivos	1
II. Introducción	9
1. COSMÉTICOS	11
1.1. Introducción	11
1.2. Clasificación	12
1.3. Compostos obxectivo	13
<i>1.3.1. Hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs)</i>	13
<i>1.3.2. Plastificantes</i>	14
<i>1.3.3. Outros compostos considerados</i>	17
<i>1.3.4. Glicois e derivados</i>	20
<i>1.3.5. Fragancias</i>	22
<i>1.3.6. Conservantes</i>	26
1.4. Aspectos regulatorios	28
1.5. Antecedentes analíticos	30
2. COSMÉTICOS <i>EXTREMOS</i> E PRODUTOS <i>BORDERLINE</i>	33
2.1. Introducción	33
2.2. Cosméticos <i>extremos</i>	33
2.3. Produtos <i>borderline</i>	34
<i>2.3.1. Tatuaxes e tinturas de henna</i>	35

2.3.2. <i>Tatuaxes de jagua</i>	37
2.4. Aspectos regulatorios	38
2.5. Antecedentes analíticos	41
3. INGREDIENTES NATURAIS	45
3.1. Introducción	45
3.2. Tipos	46
3.2.1. <i>Aceites esenciais (AEs)</i>	46
3.2.2. <i>Extractos naturais (ENs)</i>	47
3.3. Substancias de especial interese	48
3.3.1. <i>Outras fragrancias alerxénicas</i>	48
3.3.2. <i>Compostos polifenólicos</i>	51
3.4. Aspectos regulatorios	56
3.5. Antecedentes analíticos	57
4. TÉCNICAS DE PREPARACIÓN DE MOSTRA	61
4.1. Introducción	61
4.2. Dispersión da matriz en fase sólida (MSPD)	62
4.2.1. <i>Introdución</i>	62
4.2.2. <i>Procedemento experimental e factores da MSPD</i>	63
4.2.3. <i>Últimas tendencias e aplicacións</i>	65

4.3. Extracción asistida por ultrasóns (UAE)	66
4.3.1. <i>Introdución</i>	66
4.3.2. <i>Procedemento experimental e factores da UAE</i>	66
4.3.3. <i>Aplicacións</i>	67
4.4. Microextracción en fase sólida (SPME)	68
4.4.1. <i>Introdución</i>	68
4.4.2. <i>Procedemento experimental SPME</i>	69
4.4.3. <i>Factores que inflúen na eficiencia da extracción</i>	71
4.4.4. <i>Aplicacións</i>	72
4.5. Dixestión ácida	72
4.6. Tendencia á mínima preparación de mostra	73
5. TÉCNICAS DE ANÁLISE	75
5.1. <i>Introdución</i>	75
5.2. <i>Cromatografía de gases (GC)</i>	76
5.2.1. <i>Introdución</i>	76
5.2.2. <i>Espectrometría de masas</i>	76
5.3. <i>Cromatografía de líquidos (LC)</i>	78
5.3.1. <i>Introdución</i>	78
5.3.2. <i>Detector de diodos (DAD)</i>	79
5.3.3. <i>Espectrometría de masas (MS)</i>	80
5.3.3.1. <i>Espectrometría de masas en tándem (MS/MS)</i>	81

5.3.3.2. <i>Espectrometría de masas de alta resolución (HRMS)</i>	82
5.4. Espectroscopia de absorción molecular UV-Vis	83
5.4.1. <i>Contido Fenólico Total (TPC)</i>	84
5.4.2. <i>Actividade Antioxidante (AA)</i>	84
5.5. Espectrometría de masas con plasma acoplado indutivamente (ICP-MS)	85
5.6. Outras técnicas	86
5.6.1. <i>Fluorescencia de raios X (XRF)</i>	87
5.6.2. <i>Difracción de raios X (XRD)</i>	87
5.6.3. <i>Microscopia electrónica de barrido acoplada a espectrometría de raios X de dispersión de enerxía (SEM-EDS)</i>	88
Referencias	91
III. Metodoloxía	117
IV. Resultados e Discusión	123
Capítulo 1. DETERMINACIÓN DE INGREDIENTES EN COSMÉTICOS	125
1.1. <i>Multi-target strategy to uncover unexpected compounds in rinse-off and leave-on cosmetics</i>	129
1.2. <i>Miniaturized sample preparation methods to simultaneously determine the levels of glycols, glycol ethers and their acetates in cosmetics</i>	131

Capítulo 2. ANÁLISE DE COSMÉTICOS *EXTREMOS* E PRODUTOS *BORDERLINE* **133**

- 2.1. *Extreme cosmetics and borderline products: an analytical-based survey of European regulation compliance* 137

Capítulo 3. CARACTERIZACIÓN DE TATUAXES E TINTES CAPILARES TEMPORAIS **139**

- 3.1. *Monitoring of natural pigments in henna and jagua tattoos for fake detection* 145

- 3.2. *High-resolution mass spectrometry for the comprehensive characterization of plant pigment-based tattoos and dyes formulations* 147

- 3.3. *Understanding the chemical and mineralogical composition of commercial henna and jagua tattoos and dyes – a multi-analytical approach* 149

- 3.4. *The chemistry behind the body art: Unveiling the elemental profile and heavy metal content of natural tattoos and dyes by ICP-MS* 151

Capítulo 4. INGREDIENTES NATURAIS EN FORMULAÇÕES COSMÉTICAS **183**

- 4.1. *Natural extracts and essential oils as ingredients in cosmetics: allergen survey and search for potential phytomarkers* 187

- 4.2. *Sourcing new ingredients for organic cosmetics: phytochemicals of *Filipendula vulgaris* flower extracts* 207

V. Discusión xeral	229
VI. Conclusions	251
Anexo I: Lista de publicacións	261
Anexo II: Review	267
<i>Body-decorating products: Ingredients of permanent and temporary tattoos from analytical and European regulatory perspectives</i>	269
Anexo III: Permisos das revistas	271
Anexo IV: Índice de figuras e táboas	277

ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

			#
μ-MSPD	micro-dispersión da matriz en fase sólida	micro-matrix solid-phase dispersion	
μ-XRD	microdifracción de Raios X	micro-X-ray diffraction	
			A
AA	actividade antioxidante	antioxidant activity	
AE/EO	aceite esencial	essential oil	
AEMPS	Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios	Spanish Medicines and Medical Products Agency	
AP	alquilfenol	alkylphenol	
APCI	ionización química a presión atmosférica	atmospheric pressure chemical ionization	
APEO	etoxilato de alquilfenol	alkylphenol ethoxylate	
			B
bbCID	disociación inducida por colisión de banda ancha	broadband collision-induced dissociation	
BDP	produtos de decoración corporal	body-decorating products	
BHA	butilhidroxianisol	butylhydroxyanisole	
BHT	butilhidroxitolueno	butylated hydroxytoluene	
			C
CAS	Chemical Abstracts Service		
CE/EC	Comisión Europea	European Commission	
CI	número de Índice de Cor	Color Index number	
CosIng	base de datos de ingredientes cosméticos	Cosmetic Ingredient Database	
CRC	cela de colisión e reacción	collision-reaction cell	

D

DAD	detector de rede de diodos	diode array detector
DI	inmersión directa	direct immersion

E

EI	ionización electrónica	electron ionization
EN/NE	extracto natural	natural extract
EPA	Axencia de Protección Ambiental	Environmental Protection Agency
ESI	ionización por electrospray	electrospray ionization

F

FE	fase estacionaria	stationary phase
FM	fase móbil	mobile phase
FS	escaneo completo	full scan

G

GC	cromatografía de gases	gas chromatography
GMP	boas prácticas de manufactura	good manufacturing practice

H

h	portátil	handheld
HESI	ionización por electrospray con temperatura	heated electrospray ionization
HNQ	2-hidroxi-1,4-naftoquinona	2-hydroxy-1,4-naphthoquinone
HPLC	cromatografía líquida de alta eficacia	high-performance liquid chromatography
HRMS	espectrometría de masas de alta resolución	high-resolution mass spectrometry
HS	espazo de cabeza	headspace

HD	tintura capilar de henna	henna (hair) dye
HT	tatuaxe de henna	henna tattoo
HTD	tatuaxe-tintura de henna	henna tattoo-dye
HPT	tatuaxe derivado de planta	herbaceous plant tattoo
I		
ICP	plasma acoplado indutivamente	inductively coupled plasma
i.d.	diámetro interno	internal diameter
ISO	Organización Internacional de Normalización	International Organization for Standardization
J		
JT	tatuaxe de jagua	jagua tattoo
L		
LC	cromatografía de líquidos	liquid chromatography
LMR/MRL	límite máximo de residuo	maximum residue level
LOD	límite de detección	limit of detection
LOQ	límite de cuantificación	limit of quantification
M		
MS	espectrometría de masas	mass spectrometry
MS/MS	espectrometría de masas en tándem	tandem mass spectrometry
MW	peso molecular	molecular weight
m/z	relación masa-carga	mass-to-charge ratio
P		
PAH	hidrocarburo aromático policíclico	polycyclic aromatic hydrocarbon
PCP	produto de coidado persoal	personal care product

PDMS/	polidimetilsiloxano/	polydimethylsiloxane/
DVB	divinilbenceno	divinylbenzene
PPD	para-fenilendiamina	<i>p</i> -phenylenediamine
PTFE	politetrafluoroetileno	polytetrafluoroethylene

Q

QqQ	espectrómetro de masas de triplo cuadrupolo	triple-quadrupole mass spectrometer
QTOF	espectrometría de masas cuadrupolar e de tempo de voo	quadrupole time-of-flight mass spectrometry

R

RSD	desviación estándar relativa	relative standard deviation
------------	------------------------------	-----------------------------

S

SEM-EDS	microscopia electrónica de barrido acoplada a espectrometría por dispersión de enerxía de raios X	scanning electron microscopy coupled to energy dispersive X-ray spectrometry
SCCS	Comité Científico para a Seguridade dos Consumidores	Scientific Committee on Consumer Safety
SIM	monitorización de ións seleccionados	selected ion monitoring
SPME	microextracción en fase sólida	solid phase microextraction
SRM	monitorización de reaccións seleccionadas	selected reaction monitoring
Sup-	soportado/con soporte	supported

T

TOF	tempo de voo	time-of-flight
TPC	contido fenólico total	total phenolic content

U

UAE	extracción asistida por ultrasóns	ultrasound assisted extraction
UE/EU	Unión Europea	European Union
UHPLC	cromatografía líquida de ultra alta eficacia	ultra-high performance liquid chromatography
US	ultrasóns	ultrasounds
UV	ultravioleta	ultraviolet
UV-Vis	ultravioleta-visible	ultraviolet-visible

V

VP	presión variable	variable pressure
-----------	------------------	-------------------

X

XRD	difracción de raios X	X-ray diffraction
XRF	fluorescencia de raios X	X-ray fluorescence
XRPD	difracción de raios X en po	X-ray powder diffraction

ABSTRACT

The main objective of this thesis was the development of analytical methodologies to overcome challenges in the analysis of cosmetic ingredients. The first goal involves the determination of families of compounds widespread used in cosmetics. The second aim was focused on the characterization of plant-based temporary tattoos and dyes. Natural extracts and essential oils with potential applications as cosmetic ingredients were also included. For these purposes, different extraction techniques followed by analysis using several techniques highlighting chromatography coupled to high-resolution mass spectrometry and tandem mass spectrometry, have been used.

The present thesis comprises six sections. In **Section I** -Justification and objectives- the motivation and the main aims of this work are explained. In addition, the importance of developing analytical methodologies for the analysis of selected samples is highlighted. **Section II** -Introduction- is an overview about the target analytes and samples studied, including their classification, analytical background as well as the legal framework, followed by an explanation of the different analytical techniques employed. In **Section III** -Methodology- a brief description of the sample preparation and analytical techniques used is displayed. **Section IV** -Results and discussion- includes the presentation and discussion of the experimental work and obtained results carried out during this thesis.

The different studies are compiled in 9 works, of which six are articles already published, one is under review for publication and other two are prepared for submission, resulting in four different chapters:

Chapter 1. Determination of ingredients in cosmetics

This chapter includes two publications dealing with the analysis of a broad range of ingredients in cosmetics. The first one is based on the miniaturization of matrix solid-phase dispersion (μ -MSPD) followed by gas chromatography coupled to mass spectrometry (GC-MS) or liquid chromatography coupled to tandem mass spectrometry (LC-

MS/MS) to identify unexpected compounds in cosmetics. Regarding the second one, two environmentally friendly methodologies based on ultrasound-assisted extraction (UAE) and μ -MSPD combined with GC-MS analysis are proposed for the simultaneous determination of glycols and derived compounds in cosmetics.

Chapter 2. Analysis of *extreme* cosmetics and *borderline* products

This chapter is based in an article that address the assessment of an UAE procedure for the analysis of 70 ingredients in commercial cosmetic products of both extreme characteristics or considered as *borderline*. In addition, the potential transfer of plasticizers from plastic applicators to the cosmetics is investigated using a *Supported-UAE* (*Sup-UAE*) method. After GC-MS analysis, special attention is given to the results for certain ingredients such as phthalates, fragrances, and preservatives.

Chapter 3. Characterization of temporary tattoos and hair dyes

This chapter includes four works. The first one is an article conducted to identify the expected active ingredients in temporary henna and jagua tattoo products, and to confirm the absence of a recognized allergen such as *p*-phenylenediamine (PPD), by high-performance liquid chromatography with diode array detectors (HPLC-DAD) and ultra-high performance liquid chromatography (UHPLC) coupled to quadrupole time-of-flight high-resolution mass spectrometry (QTOF-HRMS), respectively. The second article goes further by going deeper in the characterization of both temporary tattoo and hair dye products, performing targeted and untargeted analyses by UHPLC-QTOF-HRMS. The last two works deal with the inorganic composition of 34 commercial products for temporary tattooing and dyeing. One is based on a multi-analytical approach involving handheld X-ray fluorescence (h-XRF), X-ray diffraction (XRD) and scanning electron microscopy coupled to energy dispersive X-ray spectrometry (SEM-EDS) conducted to obtain information on the mineralogical composition. The other work (under review) provides an informative

overview of the heavy metal contents in this type of products by inductively coupled plasma mass spectrometry (ICP-MS). In both works, the results are discussed considering the European current cosmetic regulation and the potential risk to human health.

Chapter 4. Natural ingredients in cosmetic formulations

This last chapter comprises two works prepared for submission. The first one is focused on the analytical characterization of essential oils and natural extracts using direct injection and solid phase microextraction (SPME) followed by GC-MS analysis. Major components as well as phytomarkers and allergens are investigated. In the second work, the polyphenolic profile of extracts obtained from a partially or totally uncharacterized Galician organic crops is explored. UAE technique using green solvents and subsequent analysis by LC-MS/MS is proposed. Also, spectrophotometric indexes such as total phenolic content (TPC) and antioxidant activity (AA) are evaluated. In both studies, the analyzed samples are intended to be used as natural ingredients in cosmetics.

In addition to these 9 works, during this PhD project, a review about ingredients of permanent and temporary tattoos has been published and it has been included in Annex II at the end of this thesis. This article comprehensively compiles their regulatory status in the European Union framework, as well as the analytical methodologies for the safety control of this type of products reported in the international scientific literature from the last two decades (2000-2019). Pigments, impurities, degradation products and other undesirable compounds are among the ingredients covered in this work.

Section V -General discussion- includes an overall discussion putting into a cohesive context all studies presented in the previous section.

Finally, **Section VI** comprehends the general conclusions extracted from the work presented in this thesis.

I. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

Nos últimos anos, a preocupación pola imaxe é unha das características máis visibles da sociedade moderna desencadeando unha demanda que medra vigorosamente e un elevado consumo diario de produtos cosméticos e de coidado persoal. Isto supón un alto grao de exposición a multitude de compoñentes, polo que existe un crecente interese polo control da calidade e seguridade destes produtos.

A Unión Europea prohíbe ou restrinxe o uso de moitas substancias empregadas en cosmética mediante o Regulamento CE No 1223/2009 e as regulacións vixentes están en continua revisión. Aínda así, o descoñecemento ou información imprecisa referente aos ingredientes ou aditivos que poden conter os cosméticos é unha realidade.

Ademais, ante as actuais demandas, aparecen cosméticos con novos formatos así como outros que responden ás tendencias da cosmética natural, para os cales aínda non existe regulación específica.

Deste xeito, é preciso desenvolver estratexias analíticas que dean resposta aos novos retos que xorden do control dos ingredientes nos produtos cosméticos.

Así, esta tese foi levada a cabo baseándose nos seguintes obxectivos:

- I. Optimización de metodoloxías multianalito para a determinación de diferentes ingredientes en produtos cosméticos.

Desenvolveuse un método baseado na micro-dispersión da matriz en fase sólida (μ -MSPD), unha técnica de extracción miniaturizada que permite resultados adecuados empregando cantidades moi pequenas de disolventes. Para a análise de compostos non desexados en cosméticos, elixíronse as configuracións de cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas (GC-MS) ou cromatografía líquida seguida de espectrometría de masas en tándem (LC-MS/MS). **(Sección IV, Capítulo 1, 1.1).**

Propuxéronse dúas metodoloxías empregando extracción asistida por ultrasóns (UAE) e μ -MSPD combinadas con GC-MS

para a determinación de glicois e produtos derivados en cosméticos. Ambas estratexias se poden definir como verdes e respectuosas co medio ambiente (**Sección IV, Capítulo 1, 1.2**).

II. Abordaxe da análise de cosméticos de novo formato.

Fíxose unha selección de 70 ingredientes, incluíndo ftalatos, fragancias e conservantes frecuentes; así como de 50 produtos comerciais, abarcando tanto cosméticos *extremos* como *borderline* (**Sección IV, Capítulo 2, 2.1**).

Para a determinación dos ingredientes mencionados no amplo rango de mostras cosméticas seleccionadas, deseñáronse metodoloxías de UAE seguidas de análise mediante GC-MS. No caso de aqueles produtos que contaban con aplicadores de plástico, unha modificación desta técnica foi necesaria, UAE con soporte (*Sup-UAE*), para investigar a posible transferencia de plastificantes dende os dispositivos aos cosméticos.

Ademais de avaliar o cumprimento coa normativa europea, tamén se levou a cabo un estudo para comprobar se a etiquetaxe era correcta.

III. Desenvolvemento de métodos analíticos para a caracterización de tatuaxes e tinturas temporais con base natural.

Seleccionouse unha ampla variedade de produtos comercializados para tatuaxes temporais de henna e jagua. Despois da dilución das mostras, identificáronse os seus ingredientes activos mediante cromatografía líquida de alta eficacia con detector de rede de diodos (HPLC-DAD), podendo detectar así posibles fraudes nestes produtos. Confirmouse tamén a ausencia nas mostras de para-fenilendiamina (PPD), un alérxeno reportado, empregando cromatografía líquida de ultra alta eficacia seguida de espectrometría de masas de alta resolución cuadrupolar e de tempo de voo (UHPLC-QTOF-HRMS). (**Sección IV, Capítulo 3, 3.1**).

Aplicouse un método baseado en UHPLC-QTOF-HRMS para cuantificar os ingredientes activos (*target*) así como realizar

paralelamente unha análise non dirixida (*non-target*) para profundar no coñecemento dos constituíntes de mostras temporais de tatuaxes e tinturas de pelo de henna e jagua. (**Sección IV, Capítulo 3, 3.2**).

- IV. Aplicación de diferentes enfoques analíticos co propósito de afondar na caracterización global de tatuaxes e tinturas con base de henna e jagua.

Para este fin, propónse unha aproximación multianalítica, incluíndo tres técnicas complementarias: fluorescencia de raios X portátil (h-XRF), difracción de raios X (XRD) e microscopia electrónica de barrido acoplada a espectrometría por dispersión de enerxía de raios X (SEM-EDS). Obtense información sobre o grao de homoxeneidade e da composición mineralóxica, contrastando coa regulación de cosméticos. (**Sección IV, Capítulo 3, 3.3**).

Por outra banda, desenvólvese unha metodoloxía de dixestión ácida seguida da análise mediante espectrometría de masas con plasma acoplado indutivamente (ICP-MS) para estudar o contido metálico e avaliar impurezas, comentando os posibles riscos para a saúde humana. (**Sección IV, Capítulo 3, 3.4**).

- V. Estudo de ingredientes naturais con potencial aplicación en formulacións cosméticas.

Levouse a cabo a caracterización de mostras de aceites esenciais e extractos naturais. Aplicáronse metodoloxías que implican dilucións sinxelas e análise directa ou microextracción en fase sólida (SPME) seguidas en ambos casos por GC-MS. Investigouse o contido alerxénico e os potenciais fitomarcadores. (**Sección IV, Capítulo 4, 4.1**).

A partir de cultivos galegos ecolóxicos pouco explorados, como o caso da Filipéndula (*Filipendula vulgaris*), obtivéronse extractos empregando UAE. Estudouse o seu perfil polifenólico mediante análise por LC-MS/MS. Tamén se avaliaron os índices de contido total fenólico (TPC) e actividade antioxidante (AA)

realizando medidas espectrofotométricas. (**Sección IV, Capítulo 4, 4.2**).

II. INTRODUCCIÓN

1. Cosméticos

1.1. INTRODUCCIÓN

Os cosméticos ou produtos de coidado persoal (PCPs) constitúen un grupo moi importante de produtos de consumo que xoga un papel esencial no estilo actual de vida das persoas. O seu uso remóntase a miles de anos de historia, cando as diferentes poboacións xa os empregaban como parte da hixiene ou con fins decorativos. Foi dende principios do século XX cando a industria cosmética experimentou un crecemento exponencial, converténdose nun sector global e dinámico. Ademais, os fabricantes melloran ou reformulan unha cuarta parte dos ingredientes dos produtos cosméticos cada ano para manterse á vangarda nun mercado altamente competitivo. Esta innovación constante está impulsada polos cambios nas expectativas e preferencias dos consumidores.

A palabra “*cosméticos*” vai máis aló dos cosméticos tradicionais, recoñecidos como maquillaxe, xa que tamén inclúe outros produtos fundamentais para o coidado da hixiene persoal. Así, os produtos cosméticos defínense na actual regulación vixente en Europa, CE No 1223/2009 [1], como “toda substancia ou mestura destinada a ser posta en contacto coas partes superficiais do corpo humano (epiderme, sistema piloso e capilar, uñas, beizos e órganos xenitais externos) ou cos dentes e mucosas da cavidade bucal, co fin exclusivo ou principal de limpalos, perfumalos, modificar o seu aspecto, protexelos, mantelos en bo estado ou corrixir olores corporais”.

O uso xeneralizado destes produtos provoca certa preocupación na sociedade sobre os efectos prexudiciais que algúns ingredientes das

formulacións cosméticas finais poden ter na saúde dos consumidores. Deste xeito, gañou importancia o control da seguridade dos cosméticos [2] e medrou a esixencia social por unha información clara no etiquetado sobre a súa composición.

Os cosméticos e PCPs empregados na vida cotiá das persoas son matrices complexas, formadas por unha gran variedade de compostos químicos, incluíndo familias de diferente natureza.

1.2. CLASIFICACIÓN

As formulacións cosméticas poden clasificarse atendendo ao seu propósito (hixiene, mantemento, protección e tratamento da pel etc.) ou á zona do corpo na que se apliquen (pel, ollos, beizos). Desta maneira, existe un amplo rango de produtos xerais ou máis específicos tales como: produtos de hixiene persoal (xabóns, xeles, desodorizantes, perfumes); para tratamentos faciais, incluíndo beizos, ollos e cabelo (cremas, locións, máscaras, maquillaxe, xampús, tinturas, lacas); destinados ao coidado corporal (cremas, xeles e aceites para a pel); cremas solares e produtos relacionados. En relación ás formas cosméticas nas que se poden presentar estes produtos, diferéncianse: cremas, emulsións, suspensións, solucións, pos, aerosois, espumas, lapis, barras, entre outras.

Así mesmo, a lexislación tamén establece a diferenza entre os produtos destinados a permanecer na superficie de contacto durante un tempo (produtos de permanencia ou *leave-on*) e aqueles outros que se eliminan tras a súa aplicación (produtos de aclarado ou *rinse-off*). Este é un aspecto importante dado que certos ingredientes están autorizados en distintas proporcións en función do tipo de cosmético.

1.3. COMPOSTOS OBXECTIVO



Ao longo desta tese, diferentes familias de compostos químicos usados nos cosméticos e PCPs foron determinadas.

1.3.1. Hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs)

Os hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs) son compostos orgánicos constituídos por dous ou máis aneis de benceno fusionados entre si. Algunhas formulacións cosméticas precisan unha viscosidade específica que permita crear unha película protectora na pel (por exemplo, os bálsamos labiais) e para este fin presentan bases en vaselina ou aceites minerais. Os ingredientes permitidos que proceden da destilación incompleta do petróleo, poden introducir PAHs nos produtos finais tras o proceso de fabricación. Debido á súa ubicuidade, alta estabilidade no medio ambiente e toxicidade, 16 PAHs foron catalogados pola Axencia de Protección Ambiental dos Estados Unidos (EPA) como contaminantes prioritarios. A vía de exposición máis frecuente prodúcese por inhalación. Adicionalmente, unha gran parte deles están considerados como posibles carcinóxénicos en humanos [3,4].

A **Táboa 1.1** amosa os PAHs considerados nos traballos desta tese, cos números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.

Táboa 1.1. Hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs), número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

PAHs	Número CAS	MW	Estrutura química
Naftaleno (NAP)	91-20-3	128,2	
Acenaftileno (ACY)	208-96-8	152,2	

Táboa 1.1. (cont.) Hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs), número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

PAHs	Número CAS	MW	Estrutura química
Acenafteno (ACE)	83-32-9	154,2	
Fluoreno (FLU)	86-73-7	166,2	
Fenantreno (PHEN)	85-01-8	178,2	
Antraceno (ANC)	120-12-7	178,2	
Fluoranteno (FLA)	206-44-0	202,3	
Pireno (PYR)	129-00-0	202,3	
Benzo[a]antraceno (B[a]A)	56-55-3	228,3	
Criseno (CHY)	218-01-9	228,3	
Benzo[b]fluoranteno (B[b]F)	205-99-0	252,3	
Benzo[k]fluoranteno (B[k]F)	207-08-9	252,3	
Benzo[a]pireno (B[a]P)	50-32-8	252,3	








1.3.2. Plastificantes

Os plastificantes presentan múltiples usos como ingredientes na formulación de produtos cosméticos. Empréganse como disolventes e diluúntes sen olor, fixadores de fragancias, aditivos para incrementar a suavidade ou potenciar o brillo e para favorecer a penetración en













produtos como esmaltes, lacas para o cabelo ou perfumes. Así e todo, tamén poden migrar do envase de plástico ao produto cosmético, causa á que se asocia a súa presenza frecuente nas formulacións [5]. Pódense diferenciar segundo o ácido do que están formados: ftalatos (ésteres do ácido ftálico con varios alcohois) e adipatos (ésteres do ácido adípico). Algúns ftalatos están relacionados cunha potencial toxicidade [6] e incluso son clasificados como disruptores endócrinos [7].

A **Táboa 1.2** mostra os plastificantes obxectivo, os seus números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.

Táboa 1.2. Plastificantes, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Plastificantes	Número CAS	MW	Estrutura química
Bisfenol A (BPA)	80-05-7	228,3	
Ftalatos			
Dimetilftalato (DMP)	131-11-3	194,2	
Dietilftalato (DEP)	84-66-2	222,2	
Diisobutilftalato (DIBP)	84-69-5	278,3	
Dibutilftalato (DBP)	84-74-2	278,3	
Dimetoxietilftalato (DMEP)	117-82-8	282,3	
Diisopentiloftalato (DIPP)	605-50-5	306,4	

Táboa 1.2. (cont.) *Plastificantes, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.*

Plastificantes	Número CAS	MW	Estrutura química
Ftalatos			
Dipentilftalato (DPP)	131-18-0	306,4	
Bencilbutilftalato (BBP)	85-68-7	312,4	
Diisoheptilftalato (DIHP)	41451-28-9	362,5	
Di(etilhexil)ftalato (DEHP)	117-81-7	390,6	
Diciclohexilftalato (DCHP)	84-61-7	330,4	
Difenilftalato (DPhP)	84-62-8	318,3	
Di-n-octilftalato (DNOP)	117-84-0	390,6	
Diisonilftalato (DINP)	28553-12-0	418,6	
Diisodecilftalato (DIDP)	89-16-7	446,7	
Adipatos			
Dimetiladipato (DMA)	627-93-0	174,2	
Dietiladipato (DEA)	141-28-6	202,2	
Di(etilhexil)adipato (DEHA)	103-23-1	370,6	

1.3.3. Outros compostos considerados

Existen outras agrupacións de compostos non desexados en cosméticos como os pesticidas, nitrosaminas, alquilfenois (APs) derivados de etoxilatos de alquilfenol (APEOs) ou tintes oxidativos.

En canto aos pesticidas, a Comisión Europea (CE) defíneos como "algo que prevén, destrúe ou controla un organismo nocivo ("praga") ou unha enfermidade, o que protexe os vexetais ou os produtos vexetais durante a súa produción, almacenamento e transporte". Hai unha gran diversidade de pesticidas, e pódense distinguir diferentes familias segundo o organismo sobre o que actúan, como herbicidas, insecticidas e funxicidas, entre outros moitos [8]. Os pesticidas poden ser empregados para tratar plantas que se usan como materia prima de ingredientes cosméticos naturais, polo que se poden transferir trazas destes aos produtos acabados. A pesar do seu uso xeneralizado, existe unha preocupación pública polos danos que poden ocasionar debido á súa toxicidade tanto para o medio ambiente como para a saúde animal e humana.

A presenza de trazas de nitrosaminas nos cosméticos pode ter a súa orixe tanto nas materias primas coma nos produtos xerados na formulación, mediante a reacción de compostos que conteñen nitróxeno (aminas secundarias ou terciarias), axentes nitrosantes (óxidos de nitróxeno) ou outros ingredientes permitidos que conteñan grupos nitro (como por exemplo os conservantes bronoprol ou bronidox).

Os etoxilatos de alquilfenol (APEOs) son tensioactivos non iónicos que se usan habitualmente como axentes espumantes ou emulsionantes. A biodegradación destes orixina alquilfenois (APs) [9,10], os cales, debido aos seus efectos estroxénicos, se consideran disruptores endócrinos. Certos APEOs, como o (mono-, di-, tri-) etoxilato de 4-nitrofenol, preséntase en formas comercializadas baixo o nome de *NP40 Alternativo*.














Finalmente, as tinturas capilares son uns produtos moi populares no mercado dos cosméticos. As tinturas oxidativas, como o seu propio nome indica, involucran un proceso oxidativo para xerar a cor desexada. Preséntanse como unha mestura binaria dun precursor ou base (normalmente para- e orto-fenilendiaminas) e un modificador (meta-fenilendiaminas ou hidroxifenóis) [11]. A variedade de cores e tonalidades é o resultado das diferentes combinacións entre ambos. Estas tinturas permanentes non se consideran na regulación vixente e a creación dunha lista positiva é un dos obxectivos da Unión Europea (UE) a curto e medio prazo [12].

A **Táboa 1.3** recolle a información destes outros compostos considerados, incluíndo os números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.











Táboa 1.3. Outros compostos considerados, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Outros compostos	Número CAS	MW	Estrutura química
Pesticidas			
Monocrotofós (MNC)	6923-22-4	223,2	
Clorpirifos-metilo (CPM)	5598-13-0	322,5	
Simazina (SIM)	122-34-9	201,7	
Propazina (PRZ)	139-40-2	229,7	
Clorprofam (CP)	101-21-3	213,7	
Kresoxim-metilo (KRM)	143390-89-0	313,3	
Iprodiona (IPR)	36734-19-7	330,2	

Táboa 1.3. (cont.) Outros compostos considerados, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Outros compostos	Número CAS	MW	Estrutura química
Pesticidas			
Miclobutanil (MYC)	88671-89-0	288,8	
Tebuconazol (TBC)	107534-96-3	307,8	
4,4-dicloro difenil tricloroetano (DDT)	50-29-3	354,5	
Carbarilo (CAR)	63-25-2	201,2	
Alacloro (ALA)	15972-60-8	269,8	
Dieldrin (DIE)	60-57-1	380,9	
Nitrosaminas			
N-nitrosodietilamina (NDEA)	55-18-5	102,1	
N-nitrosopirrolidina (NPYR)	930-55-2	100,1	
N-nitrosodipropilamina (NDPA)	621-64-7	130,2	
N-nitrosomorfolina (NMOR)	59-89-2	116,1	
N-nitrosopiperidina (NPPI)	100-75-4	114,1	
N-nitrosodibutilamina (NDBA)	924-16-3	158,2	
N-nitrosodifenilamina (NDPhA)	86-30-6	198,2	

Táboa 1.3. (cont.) Outros compostos considerados, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Outros compostos	Número CAS	MW	Estrutura química
Nitrosaminas			
N-nitroso-N-metilanilina (NMA)	614-00-6	136,2	
N-nitroso-N-etilanilina (NEA)	612-64-6	150,2	
N-nitrosodibencilamina (NDBZA)	5336-53-8	226,3	
Tintes oxidativos			
1,4-dihidroxibenceno	123-39-1	110,1	
2-naftol	135-19-3	144,2	
APs e APEOs			
Nonilfenol (NP)	25154-52-3	220,4	
Isómeros de 4-nonilfenol (4NP)	84852-15-3	220,4	
(mono-, di-, tri) Etoxilato de 4-octilfenol (OPEO)	26636-32-8	-	
NP40 alternativo	9016-45-9	-	
Tritón X-100 (TX-100)	9002-93-1	-	

1.3.4. Glicóis e derivados

Os glicóis poden considerarse aditivos multifuncionais, dado que ao seren humectantes e presentar unha forte capacidade de unión á auga, empréganse nos cosméticos para reducir o contido da mesma. Esta é

unha estratexia alternativa de conservación e a súa eficacia antimicrobiana aumenta coa lonxitude da cadea. Os glicóis son os principais precursores dos éteres de glicol.

Os éteres de glicol son compostos químicos que presentan as características de solubilidade tanto dos éteres como dos alcohois. Dado que son solubles en auga e en moitos disolventes orgánicos [13], aplícanse amplamente tanto en produtos orgánicos coma noutros de base acuosa. Clasifícanse en dúas series, *e* ou *p*, segundo sexan a base de etileno ou óxido de propileno, respectivamente. Son os derivados da serie *e* os que se atopan principalmente en produtos farmacéuticos e cosméticos [14]. Son empregados como disolventes eficaces e redutores da viscosidade, servindo como axentes de acoplamento favorecendo a miscibilidade das fases acuosa e orgánica.

Por outra banda, unha ampla evidencia científica demostra que os éteres de glicol da serie *e* de menor peso molecular e os seus acetatos correspondentes teñen efectos tóxicos na reprodución [15]. Mentres que algúns son clasificados como teratoxénicos [16], outros son absorbidos mediante a penetración dérmica e posteriormente transformados, sendo perigosos para a saúde humana [15,17].

A **Táboa 1.4** recompila os números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas dos glicóis e dos seus derivados considerados nesta tese. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.

Táboa 1.4. Glicóis e compostos derivados, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Glicóis	Número CAS	MW	Estrutura química
Etilenglicol (ETG)	107-21-1	62,1	
Dietilenglicol (DEG)	111-46-6	106,1	
Tetrametilenglicol (TMG)	110-63-4	90,1	

Táboa 1.4. (cont.) Glicóis e compostos derivados, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Éteres de glicol	Número CAS	MW	Estrutura química
Éter monometílico de etilenglicol (EGME)	109-86-4	76,1	
Éter dimetílico de etilenglicol (EGDME)	110-71-4	90,1	
Éter monoetilico de etilenglicol (EGEE)	110-80-5	90,1	
Éter monobutílico de etilenglicol (EGBE)	111-76-2	118,2	
Éter monometílico de dietilenglicol (DEGME)	111-77-3	120,1	
Éter dimetílico de dietilenglicol (DEGDME)	111-96-6	134,2	
Éter monoetilico de dietilenglicol (DEGEE)	111-90-0	134,2	
Éter monobutílico de dietilenglicol (DEGBE)	112-34-5	162,2	
Éter monometílico de propilenglicol (PGME)	1589-47-5	90,1	
Éter dimetílico de trietilenglicol (TEGDME)	112-49-2	178,2	
Acetatos de éteres de glicol			
Acetato de EGME (EGMEA)	110-49-6	118,1	
Acetato de EGEE (EGEEA)	111-15-9	132,2	
Acetato de PGME (PGMEA)	108-65-6	132,2	
Acetato de éter monometílico de isopropilenglicol (iPGMEA)	70657-70-4	132,2	

1.3.5. Fragancias

As fragancias son o resultado dunha mestura de substancias químicas odoríferas con identidade propia que lle confiren






















características sensoriais identificables. Non obstante, acostúmase falar de fragancia referíndose a cada un dos compoñentes químicos que compoñen dito aroma. As fragancias son engadidas a miúdo aos cosméticos e PCPs para proporcionar un aroma agradable (un dos atributos que máis valoran os consumidores na súa elección) pero tamén para enmascarar os olores desagradables das materias primas [18]. Pódense clasificar en dous grupos:

- Fragancias alerxénicas (presuntos alérxenos, *suspected allergenic*): provocan irritacións da pel ou reaccións alérxicas, como sensibilidade cutánea, erupcións ou dermatite, entre outras. O Comité Científico de Seguridade dos Consumidores (SCCS) revelou que a frecuencia da alerxia de contacto debida a estas substancias na poboación europea sitúase en torno ao 1-3% [19,20]. Nesta tese consideráronse as 26 fragancias alerxénicas que a UE considera (listadas no Anexo III do Regulamento EC No 1223/2009 [1]). Defínense como volátiles e están formadas por compostos individuais de natureza química moi diversa, comprendendo alcohois, aldehidos, ésteres, terpenos, terpenoides...

- Almisces sintéticos (*musks*): os almisces naturais, moi apreciados polo seu aroma único, proceden de especies animais e vexetais protexidas, polo que actualmente non se utilizan. Por isto, os almisces sintéticos semellan unha boa alternativa, xa que proporcionan propiedades olfactivas similares ás dos almisces naturais e abaratan o custe do perfume. Non obstante, algunhas destas substancias sintéticas descríbense como xenobióticos bioacumulables e persistentes, resultando estar asociados a diferentes tipos de dermatite, efectos canceríxenos e disfunción endócrina. Clasifícanse segundo a súa estrutura química en almisces nitroxenados (*nitromusks*, derivados do di-, tri-nitrobenceno), policíclicos (*polymusks*, con moléculas de indano e tetralina na estrutura química básica), macrocíclicos (cetonas macrocíclicas de orixe animal ou lactonas de orixe vexetal) e acíclicos ou lineais [21,22].

A **Táboa 1.5** recolle as substancias alerxénicas e almiscres sintéticos estudados, cos seus números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.





Táboa 1.5. Fragancias (fragancias alerxénicas e almiscres sintéticos), número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Fragancias alerxénicas	Número CAS	MW	Estrutura química
Pineno	80-56-8	136,2	
Limoneno	5989-27-5	136,2	
Alcohol bencílico	100-51-6	108,1	
Linalol	78-70-6	154,2	
2-octionato de metilo	111-12-6	154,2	
Citronelol	106-22-9	156,3	
Citral	5392-40-5	152,2	
Xeraniol	106-24-1	154,2	
Cinamaldehido	104-55-2	132,2	
Hidroxicitronelal	107-75-5	172,3	
Alcohol de anís	105-13-5	138,2	
Alcohol cinamílico	104-54-1	134,2	
Euxenol	97-53-0	164,2	
Metileuxenol	93-15-2	178,2	
Isoeuxenol	97-54-1	164,2	
Cumarina	91-64-5	146,1	
α-isometilionona	127-51-5	206,3	
Lilial®	80-54-6	204,3	
Amilcinamal	122-40-7	202,3	
Lyral®	31906-04-4	210,3	
Alcohol amilcinamílico	101-85-9	204,3	

Táboa 1.5. (cont.) Fragancias (fragancias alerxénicas e almiscres sintéticos), número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Fragancias alerxénicas	Número CAS	MW	Estrutura química
Farnesol	4602-84-0	222,4	
Hexilcinamal	101-86-0	216,3	
Benzoato de bencilo	120-51-4	212,2	
Salicilato de bencilo	118-58-1	228,2	
Cinamato de bencilo	103-41-3	238,3	
Almiscres sintéticos	Número CAS	MW	Estrutura química
Almiscres nitroxenados			
Almiscre de xileno	81-15-2	297,3	
Almiscre cetona	81-14-1	294,3	
Almiscre ambreta	83-66-9	268,3	
Almiscre de mosqueno	116-66-5	278,3	
Almiscre tibetano	145-39-1	266,3	
Almiscres policíclicos			
Galaxolida	1222-05-5	258,4	
Celestolida	13171-00-1	244,4	
Fantolida	15323-35-0	244,4	
Cashmeran	33704-61-9	206,3	

Táboa 1.5. (cont.) Fragancias (fragancias alerxénicas e almiscres sintéticos), número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Almiscres sintéticos	Número CAS	MW	Estrutura química
Almiscres policíclicos			
Traseolida	68140-48-7	258,4	
Tonalida	1506-02-1	258,4	
Versalida	88-29-9	258,4	
Almiscres macrocíclicos			
Ambretolida	7779-50-2	252,4	

1.3.6. Conservantes




Os conservantes son compostos químicos que se engaden co fin de manter a integridade e garantir a estabilidade das formulacións cosméticas no tempo. A maioría dos produtos poden ser degradados facilmente por microorganismos e a contaminación microbiana representa un risco importante para a saúde dos consumidores [23]. A presenza de auga (base acuosa), a temperatura de almacenamento e o pH son algúns dos factores que inflúen no crecemento microbiano. Así, a adición de conservantes ten como obxectivo principal inhibir este deterioro debido ao crecemento microbiano, polo que cumpren unha función crucial antimicrobiana. É importante ter en conta que un produto cosmético tamén pode ser degradado debido a outros axentes externos como o aire ou a luz solar. Adicionalmente, outras substancias que non se consideran estritamente conservantes no marco lexislativo, como os antioxidantes (función antioxidante) ou os absorbentes de luz (función fotoprotectora), tamén poden agregarse para protexer os cosméticos de procesos oxidativos indesexables e da degradación fotoquímica. Estes inclúense na maioría dos métodos para determinar conservantes. A pesar dos innegables beneficios que aportan os

conservantes, dado que as principais vías de exposición son por inhalación ou absorción a través da pel, tamén se describiron efectos negativos na saúde xa que unha exposición excesiva pode provocar alerxias de contacto ou dermatite cutánea [24,25].











Os conservantes antimicrobianos poden clasificarse segundo o grupo funcional predominante na súa estrutura molecular en: alcohois e derivados, haloxenados, ácidos orgánicos, ésteres e sales, entre outros. Nestes últimos, cabe destacar os parabenos (ésteres do ácido 4-hidroxibenzoico) cuxo uso caeu drasticamente debido ao rexeitamento social por mor dos seus efectos nocivos a longo prazo e só catro deles están permitidos con restricións. Isto levou aos fabricantes a retiralos das fórmulas cosméticas e, de feito, é habitual ver o termo “sen parabenos” nas etiquetas dos produtos para atraer aos consumidores [24]. Ademais, outros compostos antioxidantes engádense como sistemas de conservación, sendo os máis coñecidos o butilhidroxitolueno (BHT) e o butilhidroxianisol (BHA), aínda que tamén son reportados en estudos como disruptores endócrinos [26].

A **Táboa 1.6** amosa os conservantes considerados nos traballos presentados, os seus números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.

Táboa 1.6. Conservantes, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Conservantes	Número CAS	MW	Estrutura química
Bronidox	30007-47-7	212,0	
Fenoxietanol (PhEtOH)	122-99-6	138,2	
Butilhidroxianisol (BHA)	121-00-6	180,2	

Táboa 1.6. (cont.) Conservantes, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Conservantes	Número CAS	MW	Estrutura química
Butilhidroxitolueno (BHT)	128-37-0	220,4	
Iodopropinilbutilcarbamato (IPCB)	55406-53-6	281,1	
Triclosán	3380-34-5	289,5	
Metilparabeno (MeP)	99-76-3	152,1	
Etilparabeno (EtP)	120-47-8	166,2	
Isopropilparabeno (iPrP)	4191-73-5	180,2	
Propilparabeno (PrP)	94-13-3	180,2	
Isobutilparabeno (iBuP)	4247-02-3	194,2	
Butilparabeno (BuP)	94-26-8	194,2	
Bencilparabeno (BzP)	94-18-8	228,2	

1.4. ASPECTOS REGULATORIOS

A Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) é a autoridade competente no noso país para o seguimento da seguridade dos cosméticos e PCPs. En relación ás autoridades competentes europeas, a Comisión Europea está asesorada cientificamente polo SCCS, o cal emite informes sobre os riscos para a saúde e seguridade dos produtos cosméticos e os seus ingredientes.

Calquera produto cosmético no mercado ten que cumprir unha base legal fundamental: ten que ser seguro baixo condicións normais de uso.

Todos os cosméticos comercializados en Europa deben cumprir co Regulamento CE No 1223/2009 [1], que, a través dos diferentes anexos, proporciona listas de substancias en constante revisión e actualización. O Anexo II lista compostos químicos prohibidos nos produtos cosméticos. Pola súa parte, o Anexo III inclúe listas de substancias permitidas para o seu uso como ingredientes cosméticos, aínda que a maioría delas presentan restricións específicas en canto á concentración máxima permitida en función do tipo de produto final, o seu uso e a parte do corpo na que se aplica. Ademais, nos Anexos IV, V e VI recóllense outras listas positivas para familias concretas como os colorantes, conservantes e filtros UV, respectivamente, para ser permitidos como ingredientes coas funcións correspondentes nos cosméticos.

Normalmente, a presenza de substancias prohibidas non se debe á adición intencionada do fabricante, senón que poden proceder de impurezas dos ingredientes permitidos, ou ata poden xerarse da reacción de diferentes compostos orgánicos presentes na formulación en condicións particulares. Unha decisión de aplicación da CE [27] indica claramente que a presenza de restos de substancias e impurezas prohibidas debe permanecer nun nivel tan baixo como sexa razoablemente alcanzable (ALARA) seguindo as Boas Prácticas de Fabricación (GMP). Cando tal presenza sexa tecnicamente inevitable, os fabricantes de cosméticos están obrigados á súa xustificación. Tamén se recomenda que a industria cosmética siga mellorando as súas prácticas para eliminar estas substancias no produto cosmético acabado.

Nese marco lexislativo [1] tamén se inclúen normas para a correcta etiquetaxe e outros puntos relacionados coa seguridade. A presenza de substancias perfumantes e aromáticas como fragancias (alérxenos e almíscres sintéticos) indicárase cos termos "*parfum*" ou "*fragrance*". É obrigatoria a mención das 26 substancias alérxicas na lista de ingredientes da etiqueta se os niveis de concentración no produto final superan o 0,01% en peso ($100 \mu\text{g g}^{-1}$) para produtos que se aclaran (*rinse-off*) e o 0,001% en peso ($10 \mu\text{g g}^{-1}$) para aqueles outros de permanencia (*leave-on*).

Finalmente, en todos os traballos recollidos nesta tese se detallan as regulacións e restricións específicas actuais para as substancias obxectivo incluídas.

1.5. ANTECEDENTES ANALÍTICOS

O enorme número de substancias a controlar, a súa ampla gama de estruturas químicas así como a variedade de matrices complexas nas que poden estar contidas, supoñen un enorme reto dende o punto de vista da metodoloxía analítica que é preciso desenvolver.

No marco da UE existen varios métodos analíticos oficiais propostos para determinar certos ingredientes nos produtos cosméticos. A pesar disto, unha revisión xeral de metodoloxía publicada [28] pon de manifesto que os métodos son escasos para o control necesario da totalidade de substancias lexisladas. Isto débese a que a maioría dos métodos soamente cobren un número relativamente pequeno de ingredientes. Resulta evidente que as metodoloxías analíticas para o control da seguridade dos produtos cosméticos e de coidado persoal deben ser robustas e fiables, ademais do cumprimento de estritos criterios de calidade. Deste xeito, teñen que permitir a detección e cuantificación de compostos restrinxidos e aqueles prohibidos, chegando a niveis traza, co fin de cumprir os requisitos legais.

Nas últimas décadas, as novas aportacións foron orientadas tanto á actualización de métodos obsoletos así como á mellora dos oficiais existentes. O desenvolvemento de enfoques multianalíticos é a estratexia idónea para abordar a análise dos compoñentes dos cosméticos. Nos novos avances, a inclusión de detectores selectivos na técnica cromatográfica así como a axeitada preparación da mostra son factores esenciais. Ademais, búscase a compatibilidade cos principios da *Química Analítica Verde* e que sexan potencialmente miniaturizables e transferibles a protocolos de análise de rutina. Ao longo do apartado 5 desta mesma sección comentaranse as diferentes

metodoloxías analíticas aplicadas con anterioridade a cada unha das familias estudadas.

2. Cosméticos *extremos* e produtos *borderline*

2.1. INTRODUCCIÓN

Os produtos de decoración corporal (BDP, a sigla en inglés de *body-decorating products*) e os cosméticos faciais son un dos pilares de consumo diario e amosan moi diversa composición química. A innovación impulsa á industria cosmética para ofrecer produtos orixinais e novidosos que os fagan máis atractivos aos consumidores. Neste contexto, xorden cosméticos que presentan unhas características magnificadas (os que se denominaran *cosméticos extremos* ao longo desta tese) e tamén outros que poden ser catalogados como cosméticos pero cuxo límite non está claro respecto a outro tipo de produtos comerciais (denominados produtos fronteirizos ou *borderline*).

A caracterización química destas formulacións, incluíndo ingredientes principais, impurezas e aditivos indesexables, preséntase como un desafío. A aplicación directa destes artigos de beleza e decoración na pel ou no cabelo humano, implica un alto grao de exposición a unha ampla variedade de compostos químicos. A avaliación da seguridade destes BDP é imprescindible, polo que é necesario desenvolver ferramentas analíticas que permitan a súa análise así como abordalos dende a perspectiva dunha normativa axeitada.

2.2. COSMÉTICOS EXTREMOS

Unha das últimas tendencias da industria cosmética está relacionada con produtos que presentan características particulares, para magnificar as súas funcións e/ou a súa durabilidade. Estas

características poden considerarse extremas (“*cosméticos extremos*”): maquillaxe de longa duración, máscaras de pestanas resistentes á auga, barras de beizos de elevada permanencia, alongadores e voluminizadores de pestanas, lapis con efecto tatuaxe, voluminizadores de beizos, entre outros.

Moitos destes cosméticos presentan aplicadores, cuxa función é facilitar a transferencia do produto cosmético dende o recipiente á área de aplicación de destino dun xeito relativamente controlado. Segundo os criterios do *Manual sobre o ámbito de aplicación do Regulamento de produtos cosméticos* [29], un aplicador é un artigo, non forma parte do produto senón que pode verse como parte do envase primario (material en contacto directo co produto cosmético). Como se mencionou no apartado anterior, relaciónase a presenza de certos compoñentes das formulacións con esta posible transferencia [5]. Polo tanto, débese demostrar que non hai migración de substancias potencialmente nocivas e/ou incluso prohibidas dende o aplicador ao produto cosmético.

2.3. PRODUTOS *BORDERLINE*

Existe outra corrente que inclúe unha enorme diversidade de produtos comerciais, denominados produtos fronteirizos ou *borderline*, os cales non son clasificados estritamente como cosméticos senón que poden incluírse en categorías diferentes como artigos médicos e farmacéuticos, biocidas ou xoguetes. Adicionalmente, o produto pode ser multifuncional, por exemplo, un protector solar (función cosmética) cun repelente de insectos engadido (función biocida).

As tatuaxes e tinturas temporais constitúen unha alternativa común ás permanentes e poden englobarse no grupo de produtos *borderline*. Foron moi utilizadas dende a antigüidade, pero nos últimos anos foron gañando popularidade entre persoas de diferentes idades, procedencias

e culturas. Son un grupo de BDP consistente en sistemas de arte corporal que se aplican sobre a pel ou cabelo e están deseñados para durar pouco tempo (1-2 semanas). Se se deposita un pigmento, denomínanse tatuaxes ou tinturas temporais, pero se se coloca unha imaxe transferible coñécense como tatuaxes adhesivas ou calcomanías. Recentemente, as tendencias apuntan cara produtos a base de pigmentos naturais [30], como é o caso da coñecida e tradicional henna e tamén o da máis novidosa jagua. Dende o punto de vista da composición, as tatuaxes e tinturas temporais de orixe vexetal son produtos totalmente diferentes, como se explicará a continuación.

2.3.1. Tatuaxes e tinturas de henna

A henna é un exemplo dun cosmético tradicional utilizado en diferentes partes do mundo dende moito tempo atrás. As tatuaxes e tinturas temporais a base de henna son as máis coñecidas. A henna é un pigmento natural que se obtén a partir da planta *Lawsonia inermis* (da familia *Lythraceae*) e que presenta como ingrediente activo a lawsona (2-hidroxi-1,4-naftoquinona, HNQ), responsable da típica coloración marrón-avermellada [31]. A lawsona interactúa directamente cos grupos funcionais amina ou xofre da queratina debido á súa forte afinidade. A henna é orixinaria de rexións tropicais e subtropicais secas do norte de África e do sur de Asia e cultívase comercialmente en Marrocos, Sudán, India, Paquistán, Sri Lanka e outros países. Tras secar e triturar as follas e talos desta planta tropical, xérase un po de cor verde parda. Despois de mesturalo con auga ou aceites esenciais, obtense unha pasta que se utiliza tradicionalmente como tinta para decorar uñas, mans e pés. Comercialízanse baixo diferentes formulacións, abarcando coloracións que van dende as típicas (vermella, marrón ou negra) a outras cores máis rechamantes (azul, rosa, verde, entre outras moitas).



As tatuaxes de henna negra acostuman estar adulteradas con certos aditivos, que lle confiren propiedades desexadas (cor máis escura, maior rapidez na fixación, maior durabilidade, brillo,...). Un dos

aditivos habituais é a *para*-fenilendiamina (PPD), un recoñecido alérxeno [32-34], cuxo uso directo sobre a pel está prohibido e a súa adición pode causar graves efectos como cicatrices e sensibilización permanente. Ante o aumento da demanda, a AEMPS alertou na súa campaña do ano 2021 sobre os riscos asociados ao uso das tatuaxes temporais de henna negra [35].

Durante séculos, moitas civilizacións tamén empregaron a henna como axente natural de tintura capilar. Os produtos para coloración do cabelo son cosméticos moi populares no mercado actual para coidar a imaxe persoal. Entre as diferentes formulacións, a henna é de orixe natural e clasifícase na categoría de tinturas temporais [36], as cales non envolven reaccións químicas no proceso de formación da cor e elimínanse facilmente cun par de lavados. Na actualidade, as tinturas temporais parecen ser un enfoque máis atractivo debido aos problemas cutáneos derivados do uso de tinturas capilares sintéticas, sobre todo aquelas permanentes.

A **Táboa 2.1** amosa o ingrediente activo da henna e o alérxeno PPD, cos números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.

Táboa 2.1. Ingredientes da henna, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Ingrediente activo	Número CAS	MW	Estrutura química
Lawsona (HNQ)	83-72-7	174,2	
Alérxeno			
<i>para</i> -fenilendiamina (PPD)	106-50-3	108,1	



2.3.2. Tatuaxes de jagua

Máis recentemente, achouse no mercado a incorporación de produtos temporais para tatuaxe a base de jagua. Aínda que se trata dunha moda actual nos países avanzados, xa foi empregada de xeito tradicional por poboacións indíxenas para a decoración corporal.

Nestas tatuaxes, o pigmento natural obtense a partir dun froito dunha planta tropical amazónica coñecida como *Genipa americana* L., da familia das Rubiáceas. A tinguidura procede do zume do froito e vólvese azul escuro-negro cando se aplica directamente sobre a pel. Pola súa coloración, podería substituír á PPD nas tatuaxes de henna negra para escurecelas. Os principais ingredientes da jagua son o xenipósido (un iridoide glicosilado) e o seu derivado bioactivo, a xenipina, a cal pode obterse por hidrólise do xenipósido e tamén está presente noutro tipo de plantas como a *Gardenia jasminoides*. A xenipina é incolora pero ao poñerse en contacto coa pel, reacciona inmediatamente coas proteínas para xerar a cor escura do pigmento. Non obstante, como a epiderme se rexenera constantemente, desaparece da pel aos poucos días.

A **Táboa 2.2** recolle os ingredientes activos da jagua, cos números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.

Táboa 2.2. Ingredientes da jagua, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Ingredientes activos	Número CAS	MW	Estrutura química
Xenipina	6902-77-8	226,2	
Xenipósido	24512-63-8	388,4	

Alguns estudos suxeriron que a jagua se pode converter nun novo alérxeno de contacto nas tatuaxes temporais [37,38]. Nos últimos anos, describiuse un caso de dermatite alérxica de contacto provocada por este tipo de tatuaxes comercializadas a través de Internet, onde se identificaba a xenipina como o composto causante da reacción [39].

É importante resaltar que existen factores que poden afectar en gran medida á composición química final destes produtos naturais. Entre eles atópanse: factores naturais e antropoxénicos como o cultivo en zonas contaminadas [40,41], procesamento posterior ou degradación dos compoñentes [42]. Así mesmo, os preparados de henna e jagua poden estar enriquecidos con diversas herbas, ou materiais químicos naturais ou sintéticos como colorantes ou sales metálicas, para dotalos de certas características adicionais. Sospéitase que o material engadido pode incluír varios produtos minerais que conteñen metais pesados [43], debido a que ou ben estaban presentes nos ingredientes de partida ou foran introducidos involuntariamente durante os diferentes pasos de preparación. Os metais pesados encóntranse de maneira xeneralizada entre os produtos cosméticos de cor [44,45]. Deste xeito, aínda que o mecanismo de interacción coa pel está relacionado cos ingredientes activos que proporcionan as coloracións típicas, é certo que outros compostos, como certos metais, poden contribuír ou ter unha acción sinérxica nesta coloración.

2.4. ASPECTOS REGULATORIOS

A situación normativa actual non está clara, non só para os BPD no seu conxunto, senón incluso para cada categoría individual. Estes formatos innovadores de cosméticos *extremos* e os produtos fronteirizos deben cumprir tamén coa normativa de cosméticos aplicable vixente no marco da UE, Regulamento No 1223/2009 [1], co fin de garantir a súa seguridade.

O marco normativo en materia dos produtos *borderline* está lonxe de ser claro. Teñen que seguir o *Manual de Produtos Borderline* [29], elaborado por un subgrupo de traballo enfocado a estes produtos en concreto. Dita guía avalía cada produto e as súas características de acordo ás novidades comerciais e ás evidencias científicas. A pesar de non prescribir cal é o marco lexislativo que se aplica, suxírese que un produto concreto pode catalogarse ou non no ámbito de aplicación do Regulamento de cosméticos e propónse outras directivas, como a de medicamentos [46,47], téxtiles [48], biocidas [49] ou xoguete [50], poden aplicarse conxuntamente. Polo que, as autoridades europeas só recomendan a(s) normativa(s) que deben cumprir e as opinións expresadas non son xuridicamente vinculantes.

Se ben é certo que todos os tipos de tatuaxes están comprendidas baixo os produtos fronteirizos, as tatuaxes temporais teñen composicións químicas moi diversas e unha lexislación confusa. Neste caso concreto, deberían seguir tamén a Directiva sobre xoguete [50] e estar correctamente etiquetados segundo a normativa de cosméticos vixente [1]. Sen embargo, atópanse lonxe de cumprir con estes requisitos, como se demostrará no Capítulo 3 da presente tese.

Aínda non se publicaron normas sobre os pigmentos con base natural para as tatuaxes temporais. Ao permaneceren menos tempo en contacto coa pel do usuario, semella obvio que presentan menos probabilidades de causar danos graves. Non obstante, como se comentou anteriormente, xa foron reportados casos de alerxia para os diferentes tipos de tatuaxes temporais. O feito de que a maioría dos produtos comerciais de orixe vexetal non están etiquetados ou o estean de maneira incorrecta, dificulta coñecer en detalle a súa composición química. Adicionalmente, como se pon de manifesto nesta tese, unha gran porcentaxe de mostras avaliadas pódense considerar fraudulentas, polo que é importante garantir a súa orixe para evitar potenciais fraudes ocultos.

Pola súa banda, o SCCS si avaliou a seguridade da henna e da lawsona, o seu principal ingrediente activo, en produtos para tinguir o cabelo [51]. As conclusións indican que a información dispoñible é suficiente para avaliar o uso seguro da henna con este fin en determinadas formulacións. Aínda así, outros tipos de extractos de henna que poden ter composicións diferentes non están contemplados nesta avaliación.

Ante a falta de control nos produtos comercializados, e como se mencionou antes, existe a posibilidade de que estes conteñan niveis significativos de metais pesados. Neste sentido, a lexislación de cosméticos europea [1] lista os metais permitidos ou prohibidos como ingredientes nos seus anexos, así como os niveis de metais tecnicamente inevitables como impurezas que proveñen principalmente de colorantes. En canto ás mostras destinadas unicamente a tinguiduras para o cabelo, a directriz da seguridade establecida polo SCCS [51] estipula niveis de impurezas para certos metais (como Pb, Cr e Ni) neste tipo de mostras.

Finalmente, como en todos os bens de consumo, as substancias químicas presentes tanto en cosméticos *extremos* como produtos *borderline* deben axustarse ás restricións establecidas no Regulamento REACH (Rexistro, Avaliación, Autorización e Restrición de substancias químicas) (CE 1907/2006) [52].

A seguridade destes produtos e o seu potencial para as reaccións cutáneas é moi cuestionable. Esta situación débese á súa recente aparición no mercado, á falta de regulación e á escasa investigación científica. Unha vez revisada a situación lexislativa, cabe mencionar a necesidade de crear directrices específicas na fabricación e regulacións concretas para garantir a seguridade dos consumidores, aínda máis dado que os nenos poden estar implicados.

2.5. ANTECEDENTES ANALÍTICOS

Dada a falta de regulación específica e a variedade de matrices cosméticas que se encadran como *extremas* e *borderline*, é imprescindible o desenvolvemento de metodoloxías analíticas que permitan achegarse á súa caracterización.

En relación ás formulacións *extremas*, van aparecendo certos estudos que as consideran, aínda que non todos incorporan métodos de análise propiamente ditos. Repórtanse traballos que tratan sobre dermatite alérxica de contacto causada polos acrilatos contidos en esmaltes de uñas de longa duración [53,54] ou que avalían o uso de antioxidantes diferentes (tocoferol, ácido ascórbico e derivados, entre outros) en cosméticos antienvellecemento [55]. Os cosméticos de cor de longa duración son unha das categorías de maquillaxe máis buscada polos consumidores [56] e procúranse novos materiais, como pigmentos [56], produtos de silicona [57] ou mesmo nanomateriais [58], para acadar efectos máis duradeiros. Dado que os ingredientes das formulacións cosméticas *extremas* son semellantes aos dos cosméticos xerais, nesta tese aplicáronse técnicas de tratamento de mostra similares para a análise duns ou outros.

Respecto aos produtos *borderline* a base de henna, os estudos que analizan os seus compoñentes así como aditivos e impurezas, son realmente escasos. Recóllese unha revisión de metodoloxía analítica aplicada a este tipo de mostras no *Review* do **Anexo II**. A maioría dos estudos empregan cromatografía líquida de alta eficacia (HPLC) con detectores de rede de diodos (DAD) [59,60] para determinar PPD e HNQ en produtos comerciais e outras preparacións de henna. En canto á preparación da mostra, o procedemento consistiu nunha dilución seguida de sonicación e filtración previa á análise [61]. E xa nestes primeiros traballos se demostrou que certos produtos eran vendidos á poboación como produtos de henna cando non o eran, xa que non contiñan o seu ingrediente activo. Este feito tamén se pon de manifesto nos traballos de henna incluídos nesta tese. Adicionalmente, a

bibliografía tamén recolle outros estudos puntuais que empregan cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas (GC-MS) [62] para determinar PPD en cosméticos. Neste caso, a preparación de mostra implicou unha secuencia de mestura en vórtex, axitación por ultrasóns (US), centrifugación e filtración antes da inxección no GC-MS. Tamén foi proposto un método alternativo colorimétrico [63] baseado en medidas espectrofotométricas para detectar a presenza de PPD. Desta maneira, ata este punto, as metodoloxías céntranse máis en aditivos como a PPD que na determinación do ingrediente principal da henna.

Ademais, outros estudos foron dirixidos para a determinación de certos metais pesados en mostras de henna. A pesar de que adoitan estar presentes en pequenas cantidades, os seus efectos acumulativos poden supoñer un importante risco para a saúde pública. En traballos anteriores, diferentes técnicas se utilizaron con este fin en mostras cosméticas de henna, como amosa o último traballo (3.4) do **Capítulo 3**. Con todo, a espectrometría de masas con plasma acoplado indutivamente (ICP-MS) resulta unha das máis recomendadas para analizar o contido metálico en mostras cosméticas [64] e algúns estudos examinaron mostras de henna [65-67]. É importante mencionar que a maioría destes traballos céntranse exclusivamente na determinación dos metais, sen intención de acadar unha caracterización dos produtos cosméticos. Pola súa parte, na bibliografía atópanse publicacións limitadas que empregan enfoques espectrométricos en mostras de henna, soamente estudos puntuais e incompletos, por exemplo, utilizando microscopia electrónica de barrido (SEM) con análise de raios X por dispersión de enerxía (EDS) ou difracción de raios X en po (XRPD) [68].

Finalmente, para a jagua case non existen antecedentes analíticos. Ata o de agora, soamente un traballo reportara a presenza dos seus ingredientes principais, xenipina e xenipósido, mediante cromatografía líquida con detección ultravioleta (LC-UV) [39]. Aínda que se informou dalgúns outros métodos para a cuantificación de xenipósido

en traballos farmacocinéticos mediante HPLC, non se realizaron estudos sobre determinacións analíticas dos dous compoñentes en mostras cosméticas. En canto a aplicación de técnicas espectrométricas, non se atopan en ningún traballo publicado, polo que nesta tese é a primeira vez que se aplican estas metodoloxías ás mostras de jagua.

Desta maneira, é importante desenvolver enfoques metodolóxicos que permitan caracterizar estas mostras de tatuaxes e tinturas temporais de henna e jagua moi pouco exploradas, e así coñecer información sobre a súa composición química. Posibles aditivos, como a PPD e outros contaminantes metálicos tamén deben ser considerados para controlar a calidade e seguridade destes produtos, así como descubrir posibles fraudes naquelas formulacións vendidas como henna ou jagua natural.

3. Ingredientes naturais

3.1. INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos incrementáronse as demandas sociais cara a tendencias máis sustentables [69], polo que moitos fabricantes están unindo ciencia e natureza mediante o emprego de ingredientes naturais e cada vez máis marcas ofertan os seus produtos libres de certas substancias sintéticas [70]. Creáronse certificados para distinguir estes produtos naturais fronte aos convencionais, tanto a nivel internacional coma nacional. Non obstante, actualmente non existe unha definición oficial de *cosmético natural* para aqueles nos que na súa formulación final predominan as substancias de orixe vexetal. É necesario salientarmos o feito de que, aínda que moitos produtos cosméticos empregan os reclamos “natural”, “orgánico” ou “ecolóxico” nas súas etiquetas, isto non implica a ausencia total de compostos sintéticos. Así mesmo, moitos produtos etiquetados como “libres de fragancias” poden contelas, xa sexa pola adición intencionada ou precisamente polo uso de substancias naturais [71]. Polo tanto, de cara ao consumidor, a presenza de ingredientes naturais considérase hoxe en día unha calidade positiva, pero “natural” non significa seguro [72]. Non cómpre esquecer que todas as formulacións cosméticas son mesturas complexas de múltiples compoñentes con diferentes orixes, natureza química e funcións.

Por outra banda, certas empresas están procurando fórmulas alternativas de autoconservación (*self-preservation*), as cales reduzan a necesidade de conservantes de síntese, tan cuestionados na actualidade. Algunhas destas estratexias involucran o uso de aditivos multifuncionais que, ademais de cumprir a función definida para a que

foron engadidos, contan simultaneamente con máis efectos beneficiosos para a formulación [73]. Exemplos destes aditivos son os aceites esenciais ou os extractos naturais, que se atopan en produtos cosméticos con frecuencia crecente. De igual maneira, as propiedades bioactivas de extractos naturais (englobando todo tipo de plantas e as súas partes) é outro campo que suscitou interese dende fai xa algúns anos. Xa eran utilizados nas formulacións tradicionais, pero foi medrando a evidencia científica que confirma a súa potencialidade como ingredientes multifuncionais en cosméticos [74].

3.2. TIPOS

Nos últimos anos, a presenza de ingredientes derivados da botánica como extractos naturais ou aceites esenciais en formulacións cosméticas está en aumento.

3.2.1. Aceites esenciais (AEs)

Os aceites esenciais (AEs) son mesturas complexas de compostos aromáticos volátiles sintetizados nas plantas como metabolitos secundarios. Preséntanse como líquidos hidrofóbicos con olores característicos e diferente coloración. Obtéñense principalmente por hidrodestilación, aínda que tamén se empregan outros mecanismos como extraccións ou maceracións. Segundo a especie, o momento de colleita, a orixe xeográfica e a parte da planta empregada para a extracción, a composición dos AEs varía substancialmente.

A pesar de non existir unha definición para AE na lexislación de cosméticos, a Organización Internacional de Normalización (*International Organization for Standardization*, ISO) adoptou unha definición de AE na súa norma sobre materias primas naturais aromáticas [75]. Así, define AE como “Produto oloroso, xeralmente de

composición complexa, obtido a partir dunha materia prima vexetal definida botanicamente mediante destilación por vapor, destilación en seco ou un proceso mecánico adecuado sen quecemento”. E ademais, engade “Os aceites esenciais adoitan separarse da fase acuosa por un proceso físico que non afecta significativamente á súa composición”.

Dada as súas características odoríferas, foron empregados en perfumes e outros produtos cosméticos ou bens de consumo en xeral, para dotalos de olores agradables e atractivos. A AEMPS recolle información sobre os AEs en cosméticos nunha guía [76]. Os AEs posúen numerosas accións farmacolóxicas e hoxe en día, como se mencionou previamente, tamén se empregan como sistemas de conservación.

3.2.2. Extractos naturais (ENs)

Os extractos naturais (ENs) son mesturas complexas de compostos de distintas clases químicas con propiedades bioactivas. Estes conteñen metabolitos secundarios, derivan de toda a planta ou das distintas partes e extráense empregando disolventes (como auga, etanol, metanol,...), que se eliminan frecuentemente en etapas posteriores. Segundo o disolvente e as condicións experimentais empregadas, o rendemento e composición da extracción varía. O concepto de extracto natural é moi amplo.

Os consumidores recoñecen un alto valor engadido naquelas formulacións cosméticas que incorporan extractos naturais. Ademais, nos últimos anos, cada vez é máis frecuente a aproximación á economía circular. Neste sentido, xorden alternativas de extracción de principios activos como forma de reaproveitamento e valorización de residuos das industrias agroalimentaria ou forestal. Este concepto innovador involucra darlle un uso alternativo tanto a coprodutos como subprodutos xerados en explotacións comerciais, así como a plantas

previamente cultivadas con outros fins (por exemplo, para especias e infusións) ou incluso outras silvestres.




3.3. SUBSTANCIAS DE ESPECIAL INTERESE

3.3.1. Outras fragancias alerxénicas

















A pesar das 26 fragancias alerxénicas reguladas e incluídas na Táboa 1.5, incrementáronse as evidencias de alerxias ocasionadas por compoñentes de fragancias distintos aos desa lista. Isto impulsou ao SCCS a recomendar a ampliación da mesma, acadando un total de 82 substancias recoñecidas actualmente como “alérxenos de contacto nos seres humanos” [19]. Entre estes alérxenos que completan a lista, atópanse 28 substancias químicas individuais de natureza moi diversa, pero tamén 28 extractos naturais e aceites esenciais. Este feito é moi relevante, dado que os denominados cosméticos naturais que incorporen estes extractos e aceites son potenciais causantes de alerxias e deberán ser indicados na etiqueta.

A **Táboa 3.1** amosa as 28 restantes substancias químicas individuais consideradas como alérxenos de contacto en humanos polo SCCS, cos seus números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.







Táboa 3.1. Restantes substancias alerxénicas, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Alérxenos de contacto	Número CAS	MW	Estrutura química
Acetil cedreno	32388-55-9	246,4	
Salicilato de amilo	2050-08-0	208,3	
Trans-anetol	4180-23-8	148,2	

Táboa 3.1. (cont.) Restantes substancias alerxénicas, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Alérxenos de contacto	Número CAS	MW	Estrutura química
Benzaldehido	100-52-7	106,1	
Alcanfor	76-22-2	152,2	
B-cariofileno	87-44-5	204,4	
Carvona	99-49-0	150,2	
Damascenona (isómeros)	23696-85-7	190,3	
Acetato de dimetilbencilcarbanilo (DMBCA)	151-05-3	192,3	
Hexadecanolactona	109-29-5	254,4	
Hexametilindanopirano (Galaxolida)	1222-05-5	258,4	
Acetato de linalilo	115-95-7	196,3	
Mentol	2216-51-5	156,3	
Salicilato de metilo	119-36-8	152,2	
Ebanol	67801-20-1	208,3	
Propilidenoftalida	17369-59-4	174,2	
Salicilaldehido	90-02-8	122,1	
α-santalol	115-71-9	220,4	
B-santalol	77-42-9	220,4	

Táboa 3.1. (cont.) Restantes substancias alerxénicas, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Alérxenos de contacto	Número CAS	MW	Estrutura química
Esclareol	515-03-7	308,5	
Terpineol (isómeros)	8000-41-7	154,3	
Terpinoleno	586-62-9	136,2	
Tetrametil acetilhidronaftalenos	54464-57-2 54464-59-4	234,4	
Maxantol	103694-68-4	178,3	
Vanilina	121-33-5	152,2	

Pola súa parte, a **Táboa 3.2** recolle os 28 extractos naturais catalogados como alérxenos de contacto en humanos polo SCCS, cos seus números CAS.

Táboa 3.2. Extractos naturais considerados como alérxenos de contacto e número CAS.

Extractos naturais	Número CAS
<i>Cananga odorata</i> , Ylang Ylang	83863-30-3; 8006-81-3
<i>Cedrus atlantica</i> (codia)	92201-55-3; 8000-27-9
<i>Cinnamomum cassia</i> (folla), <i>Cinnamomum zeylanicum</i> (codia)	8007-80-5; 84649-98-9
<i>Citrus aurantium amara</i> (flor/casca)	8016-38-4; 72968-50-4
<i>Citrus bergamia</i> (casca exprimida)	89957-91-5
<i>Citrus limonum</i> (casca exprimida)	84929-31-7
<i>Citrus sinensis/aurantium dulcis</i> (casca exprimida)	97766-30-8; 8028-48-6
<i>Cymbopogon citratus/schoenanthus</i>	89998-14-1; 8007-02-1; 89998-16-3

Táboa 3.2. (cont.) Extractos naturais considerados como alérxenos de contacto e número CAS.

Extractos naturais	Número CAS
<i>Eucalyptus spp.</i> (folla)	92502-70-0; 8000-48-4
<i>Eugenia caryophyllus</i> (folla, flor)	8000-34-8
<i>Evernia furfuracea</i> (extracto)	90028-67-4
<i>Evernia prunastri</i> (extracto)	90028-68-5
<i>Jasminum grandiflorum/officinale</i>	84776-64-7; 90045-94-6; 8022-96-6
<i>Juniperus virginiana</i>	8000-27-9; 85085-41-2
<i>Laurus nobilis</i>	8002-41-3; 8007-48-5; 84603-73-6
<i>Lavandula hybrida</i>	91722-69-9
<i>Lavandula officinalis</i>	84776-65-8
<i>Mentha piperita</i>	8006-90-4; 84082-70-2
<i>Mentha spicata</i>	84696-51-5
<i>Myroxylon pereirae</i>	8007-00-9
<i>Narcissus spp.</i>	diversos
<i>Pelargonium graveolens</i>	90082-51-2; 8000-46-2
<i>Pinus mugo/pumila</i>	90082-72-7 / 97676-05-6
<i>Pogostemon cablin</i>	8014-09-3; 84238-39-1
<i>Rose spp.</i> (flor)	diversos
<i>Santalum album</i>	84787-70-2; 8006-87-9
<i>Turpentine</i>	8006-64-2; 9005-90-7; 8052-14-0
<i>Verbena</i> (absoluto)	8024-12-2

3.3.2. Compostos polifenólicos











Os compostos polifenólicos constitúen unha clase de metabolitos secundarios biosintetizados no reino vexetal, contribuíndo á fisioloxía das plantas e á súa resistencia fronte microorganismos e insectos. Comprenden un amplo rango de substancias bioactivas que posúen un ou máis aneis aromáticos con, polo menos, un grupo hidroxilo (estrutura básica de fenol). Constitúen un grupo heteroxéneo de compostos con características e funcionalidades diversas, e atópanse presentes nunha gran variedade de extractos naturais.

Para clasificar esta extensa familia de compostos, existen numerosas acepcións. Unha delas é a clasificación [77] dos fenóis en














función do número de átomos de carbono da cadea alifática que se atopan substituindo o núcleo bencénico. Así, diferéncianse: ácidos fenólicos (derivados dos ácidos benzoico, fenilacético ou cinámico) e flavonoides (dous aneis aromáticos unidos por unha cadea alifática de tres carbonos), entre outros. Segundo o grao de oxidación dos flavonoides, distínguense flavonas, isoflavonas, flavonois, flavanois, flavanonas e antocianinas. Aínda que se poden atopar nas súas formas libres, son frecuentes as formas glicosiladas e polimerizadas.

A **Táboa 3.3** recolle as diversas clases de compostos fenólicos estudados, os seus números CAS, pesos moleculares (MW) e estruturas químicas. Os datos obtivéronse de ChemSpider e as estruturas químicas realizáronse con ChemDraw 20.1.1.












Táboa 3.3. Compostos fenólicos, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Compostos fenólicos	Número CAS	MW	Estrutura química
Ácidos fenólicos			
Ácido gálico	149-91-7	170,1	
Ácido floroglucínico	71989-93-0	188,1	
Ácido α-resorcílico	99-10-5	154,1	
Ácido γ-resorcílico	303-07-1	154,1	
Ácido protocatéquico	99-50-3	154,1	
Ácido caftárico	67879-58-7	312,2	
Ácido cafeico	331-39-5	180,2	
Ácido p-hidroxibenzoico	99-96-7	138,1	
Ácido xentísico	490-79-9	117,1	
Ácido cloroxénico	327-97-9	354,3	





Táboa 3.3. (cont.) Compostos fenólicos, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Compostos fenólicos	Número CAS	MW	Estrutura química
Ácidos fenólicos			
Ácido p-cumárico	501-98-4	164,2	
Ácido sinápico	530-59-6	224,2	
Ácido eláxico	476-66-4	302,2	
Ácido rosmarínico	20283-92-5	360,3	
Aldehídos fenólicos			
3,4-dihidroxibenzaldehído	139-85-5	138,1	
4-hidroxibenzaldehído	123-08-0	122,1	
3,4-dimetoxibenzaldehído	120-14-9	166,2	
4-anisalaldehído	123-11-5	136,1	
Cumarinas			
7-hidroxicumarina	93-35-6	162,1	
Flavonoides			
Flavonois			
Quercetina	117-39-5	302,2	
Kaempferol	520-18-3	286,2	
Rutina	153-18-4	610,5	
Quercetina-3-glucósido	482-35-9	464,4	

Táboa 3.3. (cont.) Compostos fenólicos, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Compostos fenólicos	Número CAS	MW	Estrutura química
Flavonois			
Quercetina-3-glucurónido	22688-79-5	478,4	
Taxifolina	480-18-2	304,3	
Isorhamnetina	480-19-3	316,3	
Flavonas			
Apixenina	520-36-5	270,2	
Luteolina	491-70-3	286,2	
Astragalina	480-10-4	448,4	
Diosmetina	520-34-3	300,3	
Daidzeína	486-66-8	254,2	
Narinxenina	480-41-1	272,3	
Flavanois			
Catequina	18829-70-4	290,3	
Epicatequina	35323-91-2	290,3	

Táboa 3.3. (cont.) Compostos fenólicos, número CAS, peso molecular (MW, g mol⁻¹) e estrutura química.

Compostos fenólicos	Número CAS	MW	Estrutura química
Procianidinas			
Procianidina B1	20315-25-7	578,5	
Procianidina B2	29106-49-8	578,5	
Procianidina C1	37064-30-5	866,8	
Procianidina A2	41743-41-3	576,5	

Entre as propiedades máis notables destes fitoquímicos atópanse a súa capacidade antioxidante [78], a intensa actividade antimicrobiana [79], e a existencia de evidencias doutras propiedades beneficiosas para a saúde, e concretamente para a pel [80,81]. Polo tanto, cada vez son máis considerados para o uso nas actuais formulacións cosméticas [82,83].

3.4. ASPECTOS REGULATORIOS

O uso crecente de ingredientes naturais nos produtos cosméticos e de coidado persoal entraña un desafío lexislativo.

O anexo V do Regulamento europeo de cosméticos [1] recolle a lista dos conservantes permitidos, a cal se atopa constantemente experimentando modificacións lexislativas, ao igual que o resto da regulación. Non obstante, os ingredientes antimicrobianos multifuncionais non están recollidos neste anexo, e polo tanto, non están regulados como ingredientes para cubrir esa función específica nos produtos cosméticos.

Por outra banda, os altos prezos de moitos AEs e ENs converten a adulteración nunha práctica frecuente [84], incluíndo outros compostos naturais que son máis baratos e máis fáciles de adquirir.

En canto ás fragancias alerxénicas, como se comenta no apartado 1.3.5, son 26 as recollidas no marco lexislativo vixente de cosméticos (EC 1223/2009 [1]). Deste xeito, os fabricantes de cosméticos están obrigados a etiquetar só a presenza destas 26 substancias no produto acabado, cando a súa concentración é maior ao 0,001% nos cosméticos de permanencia (*leave-on*) ou superior ao 0,01% naqueles produtos de aclarado (*rinse-off*). Por outro lado, a lista de 82 substancias recoñecidas como alérxenos de contacto polo SCCS [19] inclúe 28 extractos naturais e 54 compoñentes químicos individuais, que suxire indicar na etiqueta. Cando a proposta entre en vigor, será obrigatorio que este total de 82 substancias figuren na etiqueta dos produtos cosméticos finais, o que implicaría a necesidade de etiquetar 54 substancias máis das 26 que é preciso mencionar ata o de agora. É importante resaltar que o uso de ingredientes naturais, como algún destes 28 ENs, se deberá poñer de manifesto na etiqueta do produto pero tamén haberá que considerar os compostos individuais do extracto engadido xa que poden ser outros potenciais alérxenos. É dicir, os propios extractos naturais ou aceites esenciais empregados poden

incorporar involuntariamente novos alérxenos nas formulacións [85-87], incrementando o número ou a concentración das fragancias alerxénicas engadidas con algún outro fin concreto. Ademais, poden conter impurezas presentes nas materias primas orixinais ao carecer estas dun control exhaustivo. A formulación de produtos modernos, mesturando ingredientes naturais e sintéticos, require diversos procedementos precisos e sistemáticos para a súa correcta etiquetaxe [88].

Seguindo coa información das etiquetas, cada vez son máis habituais os reclamos publicitarios, como “natural”, “ecolóxico”, “orgánico”, “libre de”, e resultan, a miúdo, demasiado destacados. Porén, dende 2013 existen criterios comúns regulados para estas afirmacións adoptadas nos produtos cosméticos (Regulamento No 655/2013 [89]).

Finalmente, dado que se utilizan pesticidas para regular o crecemento das plantas utilizadas como materia prima destes ingredientes naturais, pódense detectar a niveis traza nos produtos cosméticos acabados. Actualmente, aínda non existe unha regulación dos niveis máximos de residuos (LMRs) para estes extractos derivados de plantas [90].

3.5. ANTECEDENTES ANALÍTICOS

Este aumento na adición de ingredientes naturais tamén supón un reto analítico ao tratárense de mostras complexas. É preciso desenvolver metodoloxías analíticas que permitan identificar os seus compoñentes individuais así como avaliar a presenza de posibles alérxenos. É necesario que os métodos consideren tanto as materias primas coma os produtos cosméticos finais.

Dada a gran complexidade das mesturas de fragancias utilizadas nos cosméticos, recoméndase a súa determinación mediante GC-MS

realizando un escaneo completo (*Full scan*, FS) [91,92]. A maioría dos estudos publicados céntrase na análise de todas ou parte das 26 fragancias alerxénicas reguladas en produtos cosméticos acabados [18], innovando nas técnicas de preparación da mostra e tornando cara tendencias miniaturizadas. Por outra banda, certas investigacións xiraron en torno á determinación destes alérxenos directamente nas materias primas, tanto en aceites esenciais [93-95] coma extractos botánicos [96,97].

Respecto aos polifenois, son varios os traballos que se enfocan na súa caracterización en extractos naturais [98-101]. E nos últimos anos, á par das liñas sustentables, tamén se busca o estudo do contido de polifenois en diferentes tipos de extractos obtidos de residuos agroalimentarios [102,103] ou forestais [104,105].

4. Técnicas de preparación de mostra

4.1. INTRODUCCIÓN

Tendo en conta a gran cantidade de compostos prohibidos ou non desexados, mesmo en forma de impurezas ou a niveis de traza, que poderían estar presentes tanto nos ingredientes coma nos produtos cosméticos finais, o sector cosmético e os organismos de inspección e vixilancia precisan de metodoloxías fiables para o seu control. A dificultade vén dada pola complexidade e diversidade das matrices cosméticas.

Deste xeito, a preparación da mostra axeitada antes da análise de calquera substancia é chave para conseguir resultados satisfactorios. Entre os obxectivos desta etapa áchanse: lograr a separación do analito ou analitos de interese dende a matriz da mostra, a cal pode conter outros interferentes; a preconcentración do analito; e a adaptación da forma química adecuada do analito e/ou mostra para a posterior análise instrumental. Este paso depende das propiedades fisicoquímicas como a solubilidade, polaridade ou volatilidade, entre outras, dos analitos e da matriz xunto cos seus compoñentes, así como das condicións medioambientais [106].

As técnicas de preparación de mostra foron evolucionando co paso dos anos. Os métodos convencionais consomen maiores tempos, implican certos pasos laboriosos e requiren grandes cantidades de disolventes. As novas tendencias tornan cara a miniaturización, reducindo a cantidade de mostra e disolventes necesaria así como menores tempos de extracción. Deste xeito, procedementos de preparación de mostra rápidos, sinxelos, de menor custo, amigables co

medio ambiente e que sigan os principios da *Química Verde* [107] atópanse en constante desenvolvemento [108].

Nesta tese doutoral empregáronse tres procedementos de preparación de mostra diferentes. A micro-dispersión da matriz en fase sólida (μ -MSPD) e a extracción asistida por ultrasóns (UAE) utilizáronse para a análise de diferentes ingredientes en cosméticos de natureza diversa. A modificación da UAE, *Sup-UAE*, foi utilizada para a investigación dos aplicadores de plástico que posuían certos produtos cosméticos. Ademais, a UAE tamén foi a técnica elixida para extraer os compostos polifenólicos dunha planta galega de cultivo ecolóxico. A microextracción en fase sólida (SPME) aplicouse para o estudo de aceites esenciais e extractos naturais comerciais.

4.2. DISPERSIÓN DA MATRIZ EN FASE SÓLIDA (MSPD)

4.2.1. Introducción

A dispersión da matriz en fase sólida (*matrix solid-phase dispersion*, MSPD) foi introducida en 1989 por Baker e colaboradores [109]. Implica a mestura mecánica da mostra cun sólido dispersante para producir a disrupción da matriz e favorecer a extracción. Este procedemento pode aplicarse a matrices sólidas, semi-sólidas ou viscosas.

A MSPD presenta vantaxes sobre as técnicas clásicas de tratamento da mostra: unha significativa redución da manipulación e, polo tanto, do tempo de tratamento; lévase a cabo con materiais sinxelos e baratos, sen necesidade de instrumentación custosa; baixo unhas condicións de extracción suaves (temperatura ambiente e presión atmosférica); e diminúe o consumo de disolventes orgánicos [110]. Permite realizar simultaneamente a extracción e limpeza do extracto, o que reduce as posibilidades de contaminación da mostra durante o proceso e a posible perda de analitos.

Ademais, para reducir aínda máis as cantidades de mostra, axente dispersante e disolvente, foi proposta unha miniaturización da MSPD, baixo o nome de micro-MSPD (μ -MSPD) [111].

4.2.2. Procedemento experimental e factores da MSPD

O procedemento clásico da MSPD implica os pasos que se describen a continuación [112]:

1. O proceso lévase a cabo nun morteiro ou nun vial, no que se mestura a mostra cun axente dispersante para conseguir unha completa disrupción e dispersión da mostra. Ademais, para algunhas aplicacións, tamén é preciso engadir un axente de secado como o sulfato de sodio anhidro (Na_2SO_4) para obter un material finamente dividido e o suficientemente seco para a posterior extracción.
2. Unha vez completada a etapa de mestura, a mostra homoxeneizada introdúcese nunha columna baleira, que acostuma ser o corpo dunha xiringa, cunha frita na parte inferior. Adicionalmente, para lograr un maior grao de fraccionamento e un paso de limpeza *in situ*, pódese agregar unha pequena cantidade de florisil ou outro axente adsorbente entre a frita e a mostra. Unha vez empacuetada, colócase outra frita enriba da mostra e compáctase ben, pero tampouco en exceso para evitar a formación de canais e burbullas de aire.
3. A elución pode levarse a cabo de dúas maneiras segundo a retención na columna. A primeira delas fai referencia á retención dos analitos de interese na columna mentres os interferentes se elúen durante a etapa de lavado, e logo os compostos obxectivo elúense con outro disolvente distinto. A segunda opción implica a retención das interferencias da matriz na columna e son os analitos obxectivo os que se elúen directamente cun disolvente. Tamén é posible realizar elucións múltiples ou secuenciais. A maioría das elucións lévanse a cabo por gravidade, aínda que nalgúns casos é preciso aplicar presión na cabeza da columna para que se inicie o fluxo.

4. Finalmente, o extracto obtido pode analizarse directamente ou, se é necesario, pode efectuarse unha etapa de limpeza adicional.

Alén, o axente dispersante e o disolvente son factores críticos na técnica MSPD. De seguido, descríbense os factores que poden afectar á eficacia da extracción [110]:

- *Axente dispersante*: as aplicacións clásicas da MSPD empregan adsorbentes a base de sílice como axentes dispersantes. Como vantaxe adicional, estes materiais conteñen unha certa proporción de grupos silanol libres capaces de formar enlaces de hidróxeno con moléculas de auga, polo que actúan ao mesmo tempo como dispersantes e desecantes. Polo xeral, úsanse materiais de sílices enlazadas en fase reversa como octadecilsilano ou octilsilano (C18 ou C8) que permiten a retención selectiva de compoñentes con polaridade baixa ou media [113]. Tamén se usan outros materiais modificados para illar analitos máis polares, como a sílice enlazada a grupos polares (por exemplo, aminas) ou a óxidos inorgánicos non enlazados (sílice propiamente dita, alúmina ou florisil). Ademais, hai que ter en conta o diámetro das partículas para chegar a unha situación axeitada de superficie de contacto e velocidade de elución. A relación entre as cantidades de mostra e dispersante é un parámetro importante, onde a proporción depende da aplicación concreta pero, polo xeral, non se supera a relación 1:4.
- *Disolvente de elución*: a súa selección resulta chave para a extracción selectiva dos analitos, desorbéndose así os compostos de interese mentres que os compoñentes indesexables da matriz permanecen. Esta selectividade vén determinada pola natureza da matriz, a polaridade dos analitos, a estratexia de elución e o adsorbente seleccionado.
- *Modificación da matriz*: en ocasións, para asegurar que teñen lugar as interaccións co soporte sólido, é necesario modificar algúns parámetros da matriz, actuando sobre o pH, a adición de sales ou con axentes quelantes. Isto pode facerse durante a mestura da mostra e/ou modificando posteriormente a composición do

disolvente de elución.

4.2.3. Últimas tendencias e aplicacións

As tendencias actuais nos procedementos de preparación da mostra apuntan cara a miniaturización dos mesmos en concordancia cos principios da *Química Verde* [107] para a redución de reactivos e residuos [114]. Desta maneira, unha miniaturización da MSPD, coñecida como μ -MSPD [111], constitúe unha alternativa ás técnicas clásicas.

A principal vantaxe da μ -MSPD é que se require de tamaños de mostra aínda menores e moi baixo gasto de disolventes orgánicos. En canto ao procedemento experimental (véxase **Figura 4.1**), o cambio respecto ao comentado no apartado anterior é que se emprega unha pipeta Pasteur (de aproximadamente 150 mm de lonxitude) con lá de vidro tanto no fondo coma enriba da mostra. Desta maneira, os materiais usados son desbotables e de baixo custo.




Figura 4.1. Procedemento esquemático da μ -MSPD.

Tanto a MSPD [115-118] como a alternativa miniaturizada [111,119-125] utilizáronse para a extracción dunha ampla variedade de compostos, incluíndo conservantes, colorantes e plastificantes, entre outros, en matrices cosméticas.

Na **Sección IV**, Capítulo 1, 1.1 e 1.2, desenvóléronse metodoloxías baseadas na μ -MSPD para determinar varias familias de ingredientes en formulacións cosméticas.

4.3. EXTRACCIÓN ASISTIDA POR ULTRASÓNS (UAE)

4.3.1. Introducción

A extracción asistida por ultrasóns (*ultrasound assisted extraction*, UAE) é unha técnica sinxela, rápida e de baixo custo. Está baseada nos ultrasóns, ondas sonoras con frecuencias maiores ao límite superior audible do oído humano e consiste en aplicar enerxía ultrasónica para extraer analitos en mostras líquidas ou sólidas. Debido a esta enerxía, fórmanse burbullas segundo o fenómeno chamado cavitación. A axitación continua do disolvente orgánico facilita os procesos de transferencia de masa entre as dúas fases a medida que o disolvente penetra máis nas diferentes matrices [126]. Deste xeito, a inclusión de enerxía de ultrasóns permite unha redución do tempo de extracción, obtendo un alto rendemento e é compatible con calquera disolvente.

4.3.2. Procedemento experimental e factores da UAE

En canto ao procedemento experimental, a UAE pode levarse a cabo empregando un baño ou unha sonda de ultrasóns. No primeiro caso, a mostra (líquida ou sólida) mestúrase cun disolvente nun vial e somérxese nun baño de ultrasóns aplicando unha frecuencia específica e constante (normalmente no rango de 20 a 100 kHz). O baño de ultrasóns é unha fonte de irradiación dispoñible e barata. Se se utiliza

unha sonda, pódese introducir na mostra e realizar extraccións máis enérxicas [127], útil para mostras moi complexas.

Ademais, varios parámetros poden afectar á eficacia da extracción [128]:

- *Disolvente*: o disolvente debe seleccionarse en función dos analitos de interese. O tipo, a cantidade, a viscosidade e a proporción co soluto, contribúen á transmisión da enerxía ultrasónica.
- *Tempo de extracción*: un tempo longo mellora os rendementos da extracción, pero tamén pode inducir cambios indesexables nos analitos extraídos, polo que o tempo de extracción condiciona a mesma.
- *Temperatura*: Ao aumentar a temperatura, diminúen a viscosidade e a tensión superficial pero induce un aumento da presión de vapor, polo que se potencia a cavitación. Para aqueles procesos de extracción con menor intensidade, as temperaturas máis altas poden incrementar o número de burbullas de cavitación. Así, fórmase unha maior área de contacto entre unha mostra sólida e o disolvente, aumenta a difusión deste e mellóranse a desorción e solubilidade dos compostos de interese. Polo tanto, a temperatura do disolvente debe ser controlada dentro dun rango axeitado, xa que hai que ter en conta a posible degradación dos analitos.

4.3.3. Aplicacións

A UAE foi aplicada como unha técnica sinxela e rápida de preparación de mostras no análise de cosméticos [129-133] e de mostras naturais [134-139].

Na **Sección IV**, Capítulo 1, 1.2 e Capítulo 2, 2.1, empregáronse procedementos de UAE para estudar glicóis e derivados ou diferentes ingredientes cosméticos, respectivamente, nun amplo abano de

formulacións cosméticas, abarcando algunhas típicas e outras con características máis particulares.

Nesta tese, ademais da UAE clásica, propúxose unha pequena modificación desta técnica (denominada UAE con soporte, *Sup-UAE*) para aplicar fundamentalmente a mostras cosméticas que contiñan aplicadores (Capítulo 2, 2.1). A variación consistiu en empregar un anaco de papel de filtro dunhas dimensións concretas no que se aplicou a mostra, e posteriormente ese papel é introducido nun vial para levar a cabo a extracción (véxase **Figura 4.2**). É dicir, a mostra non se introduce directamente no vial, senón que vai impregnada no papel e é posto en contacto co disolvente.




Figura 4.2. Procedemento esquemático da Sup-UAE.

No Capítulo 4, 4.2, tamén se empregou a UAE para obter diferentes extractos dunha planta cultivada en Galiza e logo investigar o seu contido en compostos fenólicos.

4.4. MICROEXTRACCIÓN EN FASE SÓLIDA (SPME)

4.4.1. Introducción

A microextracción en fase sólida (*solid-phase microextraction*,

SPME) foi descrita por primeira vez en 1990 por Pawliszyn e colaboradores [140], a cal podería ser usada non só no laboratorio senón tamén en traballos de campo. A SPME baséase nunha fibra fina de sílice fundida quimicamente inerte e estable mesmo a altas temperaturas, recuberta cunha capa polimérica dun ab/adsorbente como fase estacionaria. Para levar a cabo a extracción, esta fibra acomódase nun dispositivo que semella unha xiringa e expónse á mostra o tempo correspondente, logo retráese e pódese desorber directamente no inxector do sistema cromatográfico. Esta técnica pódese aplicar a mostras sólidas, líquidas ou gasosas.

A SPME permite nunha soa etapa a preconcentración e extracción, aumentando así a súa eficiencia. As principais vantaxes que presenta son: a súa sinxeleza ao tratarse dun dispositivo fácil de manexar, o uso de cantidades mínimas de disolventes orgánicos e inclusive a ausencia deles para certas aplicacións de cromatografía de gases (GC) e tamén a mínima xeración de residuos. Isto converte á SPME nunha aproximación de preparación de mostra verde e amigable co medio ambiente. A introdución directa do analito no instrumento de detección minimiza o risco de perda e ademais, é fácil de automatizar, o cal ofrece maior simplicidade, tempo de extracción curto e require unha supervisión mínima.

4.4.2. Procedemento experimental SPME

A técnica de SPME envolve dous procesos: extracción e desorción.

1. *Extracción*: a fibra expónse á mostra contida nun vial selado e prodúcese unha migración dos analitos dende a mostra ao recubrimento da fibra, completándose a extracción cando se acada o equilibrio de distribución.

A extracción pode levarse a cabo mediante dous modos diferentes de exposición da fibra (véxase **Figura 4.3**):

- *Extracción con inmersión directa (direct immersion-solid phase microextraction, DI-SPME)*: a fibra introdúcese directamente na mostra, permitindo a migración dos analitos á fibra. É o modo preferido normalmente para analitos lixeiramente volátiles e para matrices sinxelas.
- *Extracción en espazo de cabeza (headspace-solid phase microextraction, HS-SPME)*: a fibra expónse á fase gasosa do espazo de cabeza por enriba da mostra. Neste modo, os analitos pasan primeiro dende a mostra ao espazo de cabeza para seren posteriormente ad/absorbidos na fibra. Esta aproximación é indicada para a extracción de substancias volátiles e semivolátiles e utilízase amplamente en matrices complexas.




Figura 4.3. Modos de extracción na SPME.

2. *Desorción*: a fibra cos analitos retidos e concentrados pode desorberse termicamente de maneira directa nun instrumento analítico de GC ou indirectamente nun disolvente para a análise mediante cromatografía de líquidos (LC).

4.4.3. Factores que inflúen na eficiencia da extracción

A continuación lístanse varios factores que poden afectar á SPME [141,142]:

- *Recubrimento da fibra*: existe unha ampla gama de fases poliméricas con diferentes grosos e polaridades. As propiedades químicas do analito determinarán o tipo de recubrimento a utilizar, xeralmente en función da similitude na súa polaridade.
- *Tempo de extracción*: ao tratarse dunha técnica de equilibrio, a maior extracción conséguese no tempo necesario para lograr dito equilibrio. Con todo, pódense seleccionar tempos de extracción máis curtos se se controla o tempo do proceso para garantir unha boa reproducibilidade.
- *Temperatura de extracción*: a difusión dos analitos cara a fibra acostuma verse favorecida por temperaturas máis altas e no caso concreto de HS-SPME, o incremento da temperatura axuda ás transferencias dos analitos ao espazo de cabeza. Non obstante, dado que a absorción é un proceso exotérmico, este aumento da temperatura reduce a constante de distribución fibra/mostra.
- *Efecto salino (salting-out)*: a adición de sales, como KCl ou NaCl nunha solución acuosa, induce o incremento da forza iónica. Deste xeito, favorécese a diminución da solubilidade do analito na auga e facilítase a súa transferencia a outras fases do sistema, como o espazo de cabeza ou a fibra.
- *pH da mostra*: o pH pode afectar ao equilibrio de disociación dos analitos. Para obter unha alta eficiencia de extracción, débese axustar o pH dúas unidades por debaixo do pK_a para os compostos ácidos e dúas unidades por arriba para aquelas substancias básicas.
- *Volume do espazo de cabeza*: se este volume é moi grande, os compostos volátiles dilúense nel, diminuindo así a súa concentración final na fibra. Por outro lado, canto menor é o tamaño do espazo de cabeza, máis rápida é a cinética do proceso de extracción.
- *Axitación da mostra*: a difusión dos analitos á fibra pode ser

facilitada mediante axitación, acelerando o tempo de extracción.

- *Adición de disolvente:* mentres que a adición de disolventes en solucións acuosas acostuma diminuír a eficacia de extracción, a adición de disolventes orgánicos ou de auga, no caso de mostras sólidas, pode favorecer a difusión dos analitos dende a matriz á fibra.

4.4.4. Aplicacións

A SPME é unha técnica de preparación da mostra proposta para multitude de aplicacións. Entre elas, empregouse para a determinación dunha ampla variedade de analitos en produtos de coidado persoal e cosméticos [143-145], incluíndo o estudo de fragancias alerxénicas [146,147]. Ademais, tamén se utilizou para a análise de materiais vexetais [148-150] e aceites esenciais [151-154].

Na **Sección IV**, Capítulo 4, 4.1, aplicouse unha metodoloxía baseada en SPME para o estudo de mostras comerciais de aceites esenciais e extractos naturais.

4.5. DIXESTIÓN ÁCIDA

A dixestión ácida é un tratamento realizado tanto a mostras sólidas coma líquidas, cuxo obxectivo principal é liberar os elementos a analizar mediante a destrución da materia orgánica presente na matriz, reducindo así interferencias e facilitando a análise nos instrumentos de medición. Este mecanismo lévase a cabo pola axuda de calor e a adición de reactivos químicos, xeralmente en medio ácido. Os ácidos máis empregados son os ácidos nítrico (HNO_3) e clorhídrico (HCl), dado que disolven varios metais. Non obstante, cando é preciso disolver materia inorgánica ou mineral, utilízase auga rexia ($\text{HNO}_3:\text{HCl}$ 1:3) ou outros ácidos como sulfúrico (H_2SO_4) ou fluorhídrico (HF), máis perigosos e que se intentar evitar. Empregando altas temperaturas de reacción, as

mostras poden ser dixeridas rapidamente para a posterior análise, por exemplo mediante espectrometría de masas con plasma acoplado indutivamente (ICP-MS).

A dixestión ácida aplicouse en estudos previos na preparación de mostras cosméticas [155] así como de henna, asistida mediante o uso de microondas [66,67] ou levada a cabo nunha placa térmica [65]. Na **Sección IV**, Capítulo 3, 3.4, para o pretratamento das mostras de henna e jagua, aplícanse dous procedementos de dixestión ácida segundo o estado físico das mesmas, empregando unha placa térmica.

4.6. TENDENCIA Á MÍNIMA PREPARACIÓN DE MOSTRA

A preparación da mostra é unha parte do proceso analítico que resulta a miúdo laboriosa, consome moito tempo e inflúe na calidade dos resultados obtidos. Ademais das tendencias á miniaturización das técnicas, procúranse métodos eficientes pero, á súa vez, máis sinxelos. Esta idea apunta cara ao concepto de mínima preparación da mostra naqueles casos nos que a matriz así o permita. O obxectivo principal é manter a manipulación da mostra como unha etapa case imperceptible, preto do estado natural de uso. A dilución simple nun disolvente adecuado é un dos procedementos máis empregados cando esta minimización do tratamento da mostra é unha opción axeitada.

Na **Sección IV**, Capítulo 3, 3.1 e 3.2, seguiuase a tendencia á mínima preparación de mostra, aplicando dilucións simples (axudadas nalgúns casos por axitación ultrasónica para asegurar a solubilidade total das mostras). Desta maneira, as mostras son analizadas próximas ao seu estado de comercialización ou uso. Adicionalmente, na **Sección IV**, Capítulo 3, 3.3, non se require preparación de mostra para o enfoque multianalítico empregado.

5. Técnicas de análise

5.1. INTRODUCCIÓN

A correcta identificación e cuantificación dos analitos estudados é esencial para realizar a súa análise. Para levar a cabo esta tarefa, empregáronse diversas técnicas cromatográficas combinadas, na maioría dos casos, con detectores selectivos como a espectrometría de masas (MS). Usouse a cromatografía de gases (GC) seguida de MS, de maneira xeral, para as aplicacións que envolvían ingredientes cosméticos. Naqueles casos que a natureza dos compostos así o requiría, aplicouse tamén cromatografía de líquidos (LC) acoplada a espectrometría de masas en tándem (MS/MS). Ademais, LC-MS/MS foi a técnica elixida para analizar os polifenóis presentes en extractos de plantas.

Por outra banda, a cromatografía de líquidos de alta eficacia (HPLC) con detector de rede de diodos (DAD) foi usada na determinación dos ingredientes activos de tatuaxes temporais con base vexetal. Adicionalmente, seleccionáronse enfoques dunha potente ferramenta como é a espectrometría de masas de alta resolución (HRMS), empregando agora un cuadrupolo e un tempo de voo (QTOF), tanto para análises dirixidas coma non dirixidas. Finalmente, para completar a caracterización destas mostras pouco coñecidas, outras técnicas espectrométricas alternativas foron consideradas.

Ademais, determinouse o contido fenólico total (TPC) e a actividade antioxidante (AA) nos extractos de plantas, mediante protocolos de medida de absorbancia con espectrofotometría ultravioleta-visible (UV-Vis).

Algunhas características destas técnicas analíticas son descritas nos seguintes apartados.

5.2. CROMATOGRAFÍA DE GASES (GC)

5.2.1. Introducción

O principio da técnica de separación de cromatografía de gases (GC) é a distribución dos analitos dunha mestura entre un gas portador (fase móbil, FM, gasosa) e unha columna cromatográfica (fase estacionaria, FE), que adoita ser un líquido non volátil inmovilizado na superficie dun sólido. A GC acostuma elixirse para a análise de compostos volátiles ou semivolátiles que son termicamente estables e non susceptibles á adsorción ou descomposición no soporte sólido da columna. Para analizar outros compostos polares e/ou termosensibles, é necesario un paso previo adicional denominado derivatización. Este proceso consiste na modificación dun certo grupo funcional da molécula, obtendo unha especie menos polar ou máis volátil [156]. A derivatización mellora a resolución cromatográfica e aumenta a resposta dos analitos no sistema de detección [157].

Tras a separación dos diferentes compoñentes que forman parte dunha mostra, dispónse dos seus tempos de retención (correspondentes aos picos cromatográficos). Con todo, esta información resulta insuficiente para unha identificación inequívoca, polo que son precisos detectores selectivos que si a permitan.

5.2.2. Espectrometría de masas

A espectrometría de masas (MS) é unha ferramenta analítica moi potente que proporciona ambos tipos de información (cualitativa, composición elemental ou estrutura química, e cuantitativa) das moléculas estudadas despois da súa transformación en ións. A MS

presenta vantaxes numerosas, como alta selectividade, especificidade e sensibilidade. Un espectrómetro de masas componse de tres elementos fundamentais: fonte de ionización (as especies neutras transfórmanse en ións), analizador de masas (actúa coma un filtro de masas) e detector.

Así, o acoplamento GC-MS combina todo isto e é probablemente unha das técnicas híbridas preferidas [158], usada de forma rutineira en laboratorios de control e investigación. A hibridación entre a GC e a MS é doada, dado que ambas metodoloxías operan en fase gasosa e a cantidade de mostra necesitada para a análise é moi pequena. A mostra introdúcese directamente dende o sistema cromatográfico ata o espectrómetro de masas a través dunha interface quentada que comeza na saída da columna, situada no interior do cromatógrafo de gases, e esténdese ata a fonte de ións do espectrómetro. A continuación, ten lugar a ionización dos analitos da mostra.

Con respecto ás fontes de ionización, a ionización electrónica (EI) é unha das máis empregadas. Neste caso, trátase dunha fonte dura, na cal as moléculas son bombardeadas cun feixe de electróns dende un filamento altamente cargado a unha enerxía específica. Este exceso de enerxía, provoca a emisión dun electrón e a formación de ións moleculares positivos (M^+) así como ións fragmento. De seguido, os ións son enviados ao analizador e en función da súa relación masa-carga (m/z), alcanzan o detector, xerándose así o espectro de masas da substancia [158].

Existen diferentes tipos de analizadores de masa como cuadrupolos, trampa de ións, tempo de voo, entre outros. Na presente tese empregouse un cuadrupolo simple acoplado a cromatografía de gases. Este consiste en catro barras cilíndricas e paralelas que serven de eléctrodos e están electricamente conectadas en pares opostos sobre os que se aplica un potencial de radiofrecuencia variable. Estes analizadores actúan como filtros de masa, xa que permiten que os ións cunha determinada relación m/z pasen ao detector. Aqueles ións que non teñen as relacións m/z recoñecidas polo cuadrupolo, chegan aos

cilindros e convértense en moléculas neutras. Este tipo de instrumentos son os analizadores de masa máis compactos, potentes e baratos [159]. Existen tamén diferentes modos de monitorización de ións:

- Barrido completo (*Full Scan*, FS): rexistro continuo de todas as masas comprendidas nun rango especificado, sen seguir criterios de filtración de m/z .
- Monitorización de ións seleccionados (*Selected Ion Monitoring*, SIM): filtración soamente de ións cunha relación m/z específica, reducindo as interferencias e aumentando a selectividade.

A GC acoplada á MS en modo SIM aplicouse para a análise de diferentes ingredientes cosméticos en formulacións típicas (**Sección IV**, Capítulo 1) así coma noutras máis novidasas como cosméticos *extremos* ou *borderline* (**Sección IV**, Capítulo 2). Tamén se utilizou GC-MS traballando en FS para a caracterización de aceites esenciais e extractos naturais comerciais (**Sección IV**, Capítulo 4, 4.1).

5.3. CROMATOGRAFÍA DE LÍQUIDOS (LC)

5.3.1. Introducción

A cromatografía de líquidos (LC) baséase na distribución dos analitos entre unha FM líquida e unha FE sólida (columna cromatográfica). Existen diferentes tipos de cromatografía líquida como a de adsorción, intercambio iónico ou exclusión molecular, pero a máis utilizada é a cromatografía de partición (utilizada nesta tese doutoral). A FE consiste nunha columna empaquetada chea de partículas de sílice porosas e recubertas dunha película orgánica (octadecilo, neste caso concreto) unida por enlaces químicos. A LC constitúe unha técnica de separación moi empregada en termos xerais debido á súa versatilidade e sensibilidade e, a miúdo, selecciónase para a determinación de compostos non volátiles, polares e/ou termicamente

inestables [158] nunha ampla gama de campos. O instrumento de LC consiste nun inxector, unha bomba, unha columna e un detector.

A cromatografía de alta eficacia (HPLC) pode ser clasificada segundo a natureza da FE utilizada: normal (FE estacionaria polar e unha FM moito menos polar) e de fase inversa (FM relativamente polar e FE non polar). A selección da FE depende das características dos analitos. A cromatografía líquida de ultra alta eficacia (UHPLC) permite o uso de columnas con partículas de pequeno diámetro, as cales xeran maiores presións no sistema durante a análise cromatográfica. As vantaxes que ofrece a UHPLC son o menor tempo de análise, alta resolución de picos e unha excelente forma dos mesmos así como un aumento da sensibilidade [160].

Tanto a LC como a UHPLC poden emparellarse á espectrometría de masas como a outro tipo de detectores como de rede de diodos (DAD). Cando se desenvolve unha metodoloxía que implica análise mediante calquera técnica de LC, varios factores teñen que ser optimizados para conseguir unha separación óptima dos analitos, dende a selección da FE axeitada, a composición da FM ata a temperatura da columna cromatográfica.

5.3.2. Detector de diodos (DAD)

O detector de rede ou matriz de diodos (DAD) permite a adquisición de espectros UV-Vis nun amplo rango de mostras, cuxos analitos deben conter un grupo cromóforo. Debido á súa rapidez, é capaz de rexistrar a totalidade do espectro, proporcionando un cromatograma que amosa a absorbancia en función da lonxitude de onda no intervalo de tempo seleccionado. Desta maneira, pódese elixir a lonxitude de onda segundo o máximo de absorción de cada substancia.

Así, a metodoloxía HPLC-DAD é unha técnica que permite a separación, identificación (por comparación con patróns ou bibliotecas de espectros UV-Vis) e cuantificación de distintas especies químicas

nunha disolución. Nesta tese, a combinación HPLC-DAD foi empregada para a identificación e cuantificación dos ingredientes activos de pigmentos naturais (**Sección IV**, Capítulo 3, 3.1).

5.3.3. Espectrometría de masas (MS)

Nesta tese, a LC empregouse seguida de espectrometría de masas (MS) en tándem, usando tanto MS de triplo cuadrupolo de baixa resolución como MS de alta resolución (HRMS) utilizando un analizador de cuadrupolo acoplado a un de tempo de voo (QTOF). No caso do acoplamento LC-MS, como as mostras líquidas non poden introducirse directamente no espectrómetro de masas, a fonte de ionización debe vaporizalas transformando as moléculas da disolución en ións en fase gasosa. A continuación, os ións son filtrados segundo as súas relacións m/z no analizador e alcanzan o detector [158,161].

Existen diversas fontes de ionización para xerar ións en fase gasosa a partir da fase líquida e conectar a LC coa MS. As máis comúns son a ionización química a presión atmosférica (APCI) e a ionización por electrospray (ESI), sendo ambas fontes de ións suaves. A ESI emprega enerxía eléctrica para facilitar a transferencia de ións dende a disolución á fase gasosa. O proceso implica tres pasos: (1) condución dun pequeno fluxo da disolución da mostra mediante un capilar no que se nebuliza, formando gotas cargadas cando se aplica unha alta voltaxe; (2) as gotas redúcense por evaporación do disolvente e desintégranse; (3) produción ou emisión de ións a partir das gotas altamente cargadas (explosión culómbica) [158,162]. A ESI foi empregada durante esta tese, así como a ionización por electrospray con temperatura (*heated electrospray ionization*, HESI). Esta, a diferenza da ESI, utiliza un gas auxiliar quente que proporciona unha mellor desolvatación e sensibilidade.

Con relación aos analizadores de masa, varios espectrómetros de masas poden acoplarse en serie para aumentar a selectividade e

sensibilidade, resultando en espectrometría de masas en tándem (MS/MS).

5.3.3.1. Espectrometría de masas en tándem (MS/MS)

A espectrometría de masas en tándem (MS/MS) é unha técnica que permite obter o espectro de masa dos ións preseleccionados e fragmentados. O espectrómetro de masas en tándem máis común é o de triplo cuadrupolo (QqQ), que consiste na combinación de dous cuadrupolos e unha cela de colisión para lograr a filtración dos ións cunha relación m/z específica e a súa posterior fragmentación. Nos espectrómetros QqQ, a mostra é introducida primeiro na fonte de ionización e os ións xerados son acelerados no cuadrupolo 1 (Q1), o cal actúa como filtro de masa, considerando a relación m/z dos ións. Os ións acelerados pasan ao cuadrupolo 2 (q2), o cal consiste nunha cela de colisión onde ten lugar a fragmentación dos ións seleccionados no Q1 pola acción do gas de colisión (un gas inerte como o argon ou o nitróxeno). Finalmente, o cuadrupolo 3 (Q3) permite a análise de masas dos ións produto formados na cela de colisión [158].

Este instrumento pode traballar en diferentes modos de monitorización de ións. Ademais dos comentados anteriormente para un cuadrupolo simple, FS e SIM, tamén en monitorización de reaccións seleccionadas (*Selected Reaction Monitoring*, SRM). En SRM, Q1 e Q3 traballan en modo SIM, filtrando relacións m/z específicas dos ións precursores e produtos, respectivamente. Este xeito de traballar minimiza ou incluso evita interferencias, proporcionando unha ferramenta sensible e selectiva que dá como resultado cromatogramas con ruído moi baixo. A **Figura 5.1** describe a configuración dun espectrómetro de masas de triplo cuadrupolo que traballa en modo SRM.




Figura 5.1. Configuración dun espectrómetro de masas de triplo cuadrupolo (modo SRM).

A LC seguida de MS/MS operando en modo SRM foi a configuración elixida para a determinación de aquilfenóis (APs) e etoxilatos de alquifenol (APEOs) en cosméticos na **Sección IV**, Capítulo 1, 1.1. Tamén foi empregada para investigar a composición polifenólica en extractos obtidos a partir de plantas de cultivo ecolóxico galego (**Sección IV**, Capítulo 4, 4.2).

5.3.3.2. Espectrometría de masas de alta resolución (HRMS)

A espectrometría de masas de alta resolución (HRMS) proporciona espectros MS/MS e medicións de masa monoisotópica precisas. Esta configuración é moi valiosa para a confirmación de compostos obxectivo pero tamén para a identificación doutros descoñecidos. Ademais do tempo de retención e a relación de fragmentos de ións, tamén proporciona outros parámetros de confirmación adicional como a masa exacta, o perfil isotópico e a posibilidade de comparación espectral con bibliotecas.

Durante esta tese, utilizáronse dous enfoques de HRMS empregando un detector de masas cuadrupolar e de tempo de voo (QTOF). A **Figura 5.2** inclúe o esquema dun espectrómetro QTOF. Operou nun modo baseado na disociación inducida por colisión de banda ancha (bbCID), o que permite o rexistro exhaustivo de todos os ións precursores e produtos detectables independentemente da intensidade do precursor. Funciona en ciclos rápidos e continuos de baixa e alta enerxía de colisión, proporcionando simultaneamente espectros MS e MS/MS e aportando información sobre os ións

precursores e os patróns de fragmentación nunha soa análise. Naquelas aplicacións nas que a aproximación é non dirixida, compostos descoñecidos poden ser identificados cos mesmos datos sen necesidade de repetir a adquisición. Así, a LC acoplada a HRMS preséntase como unha potente ferramenta que é aplicada en proteómica e metabolómica [163] así como noutras determinacións.




Figura 5.2. Esquema dun espectrómetro QTOF.

A HRMS aplicouse tanto para a análise diana dos ingredientes activos de produtos temporais a base de henna e jagua, coma para enfoques non dirixidos para a caracterización dos mesmos (**Sección IV**, Capítulo 3, 3.2).

5.4. ESPECTROSCOPIA DE ABSORCIÓN MOLECULAR UV-VIS

A espectroscopia é unha ciencia que estuda a interacción da radiación coa materia. A espectroscopia de absorción molecular UV-Vis baséase na medición da transmitancia ou da absorbancia. Para levar a cabo a medida, faise pasar un feixe de luz a unha determinada lonxitude de onda (λ , nm) a través dunha disolución contida nunha cubeta ou cela transparente que, dependendo do rango espectral da

medida, é de plástico, vidro ou cuarzo, e rexístrase a cantidade de luz absorbida pola disolución [159].

5.4.1. Contido Fenólico Total (TPC)

Adicionalmente, a composición química de extractos naturais pode ser estudada en termos de contido fenólico total (TPC) sen necesidade de seleccionar compostos polifenólicos obxectivo. Pode determinarse seguindo o método colorimétrico de Folin-Ciocalteu descrito por Singleton e Rossi [164], realizando a medición a 760 nm nun espectrofotómetro UV-Vis. Este método baséase na capacidade dos fenóis para reaccionar con axentes oxidantes. Así, o reactivo de Folin-Ciocalteu (cor amarela) redúcese ante calquera tipo de fenol en medio básico, o que lle confire unha cor azul intensa, proporcional ao número de grupos hidroxilo da molécula.

5.4.2. Actividade Antioxidante (AA)

Un antioxidante pode ser definido como calquera molécula capaz de previr ou retardar a oxidación (perda dun ou máis electróns) de outras moléculas, xeralmente substratos biolóxicos. A súa oxidación podería ser iniciada por dous tipos de especies reactivas: os radicais libres ou outras especies que son o suficientemente reactivas para inducir a oxidación de substratos. A actividade antioxidante (AA) está fortemente correlacionada co contido fenólico total e varía moito segundo a orixe botánica e a cor. Poden aplicarse varios enfoques diferentes para determinar AA en extractos naturais. Nesta tese, a AA avalíase empregando o protocolo DPPH (2,2-difenil-1-picrilhidrazilo) mediante un método modificado por Brand-Williams [165] (absorbancia medida a 515 nm). O método baséase na desaparición deste radical (cor violeta) en presenza de substancias polifenólicas antioxidantes que o reducen, ocasionando así un descenso proporcional na intensidade da cor.

Ambos índices espectrofotométricos son aplicados de xeito habitual no estudo de extractos naturais [166-168] e incluso residuos derivados [169-172]. Polo tanto, utilizouse un espectrofotómetro UV-Vis para determinar os índices TPC e AA dos extractos obtidos a partir de plantas (**Sección IV**, Capítulo 4, 4.2).

5.5. ESPECTROMETRÍA DE MASAS CON PLASMA ACOPLADO INDUTIVAMENTE (ICP-MS)

A espectrometría de masas con plasma acoplado indutivamente (ICP-MS) é unha técnica de análise multielemental, que permite determinar de maneira cuantitativa case todos os elementos da táboa periódica, ata en niveis traza, en diferentes tipos de mostra [173]. Baséase no acoplamento de dous métodos, un para xerar ións (plasma acoplado indutivamente) e outro para separalos e detectalos actuando coma un filtro de masas (espectrometría de masas). É altamente sensible e ofrece información sobre a composición elemental de mostras así como da relación isotópica de determinados elementos. Unha das vantaxes que ofrece é que permite medir simultaneamente nunha soa análise un conxunto de elementos seleccionados [174].

A mostra, líquida ou en disolución, é transportada ata o sistema nebulizador, onde é transformada nun aerosol debido á acción do gas argon. Posteriormente, dito aerosol é conducido ata a zona de ionización, a cal consiste nun plasma xerado ao someter o fluxo de gas a un campo magnético inducido por corrente de alta frecuencia. Nestas condicións, evapórase o solvente da mostra e os compostos descompóñense en átomos, que finalmente son ionizados. Os ións, a través dunha interface de baleiro, pasan ao filtro cuadrupolar, onde son separados segundo a súa relación m/z e finalmente alcanzan o detector. A concentración dos elementos é proporcional ao número de ións detectados.

Existen diferentes analizadores de masa: un único cuadrupolo (*single quadrupole*) ou triplo cuadrupolo. Neste último, a tecnoloxía baséase na configuración de masas en tándem, que permite operar en modo MS/MS para eliminar interferencias. Ao igual que se comentou no apartado de LC, aquí acontece algo similar: o triplo cuadrupolo consiste en dous cuadrupolos que actúan como filtros de masas, no medio dos cales se atopa, neste caso, un maxipolo (cuadrupolo, hexapolo ou octapolo) que se denomina cela de colisión e reacción (CRC). Os distintos modos de análise dependen por norma xeral da masa atómica dos elementos e das potenciais interferencias. Nos instrumentos clásicos dun só cuadrupolo, non se pode levar a cabo ese filtro de masa no Q1 coma nos de triplo. Nesta tese, empregouse un triplo cuadrupolo, cuxo esquema xeral é plasmado na **Figura 5.3**.




Figura 5.3. Esquema xeral dun ICP-MS de triplo cuadrupolo.

Para a determinación do contido metálico das mostras de henna e jagua empregouse ICP-MS (**Sección IV**, Capítulo 3, 3.4).

5.6. OUTRAS TÉCNICAS

Ao longo dun traballo incluído na presente tese aplicouse un enfoque multianalítico para afondar na caracterización das mostras de

tatuaxes e tinturas temporais con base vexetal (**Sección IV**, Capítulo 3, 3.3), comprendendo as técnicas complementarias que se detallan de seguido.

5.6.1. Fluorescencia de raios X (XRF)

A fluorescencia de raios X (*X-Ray Fluorescence*, XRF) é unha técnica analítica que se utiliza para determinar a composición química dunha grande variedade de mostras, entre as que se atopan sólidos, líquidos ou pos. A XRF permite identificar (información cualitativa) e tamén cuantificar ou obter información semicuantitativa dos elementos químicos (dende o Be ao U) presentes nunha mostra de maneira rápida e sen precisar practicamente pretratamentos. O valor obtido refírese ao contido total, sen ter en conta o estado químico (oxidación, enlaces e cristalinidade).

A XRF é un método de emisión atómica, na cal a irradiación incidente dun feixe de raios X primario provoca a excitación do material e a consecuente emisión de raios X secundarios ou fluorescentes con enerxías discretas características dos elementos presentes nesa mostra [175]. Este fenómeno é moi empregado para análise elemental e química, particularmente na investigación de metais, vidros, materiais cerámicos e toda clase de pigmentos [176].

5.6.2. Difracción de raios X (XRD)

A difracción de raios X (*X-Ray diffraction*, XRD) está baseada nas interferencias ópticas que se producen cando unha radiación monocromática de raios X, dispersados en ángulos específicos, atravesada unha brecha de espesor comparable á lonxitude de onda da radiación. Neste caso, as lonxitudes de onda dos raios X son da mesma orde que as distancias interatómicas dos compoñentes das redes cristalinas. Os picos de XRD xerados presentan unha intensidade que vén determinada

pola distribución dos elementos dentro da mostra. Adicionalmente, o patrón de XRD é a pegada dixital das disposicións atómicas nun determinado material.

Trátase dun método non destrutivo para a análise dunha ampla gama de materiais, cuxa aplicación directa é a identificación cualitativa da composición mineralóxica dunha mostra cristalina. Ademais, proporciona información estrutural, forma e tamaño das fases e orientacións cristalinas así como outros parámetros relacionados [177].

Nesta tese, empregáronse dúas modalidades diferentes desta técnica: a difracción de raios X en po (*X-ray powder diffraction*, XRPD) e a microdifracción de raios X (*micro-X-ray diffraction*, μ -XRD). A XRPD utilizouse para as mostras sólidas de henna e jagua, mentres que a μ -XRD se usou con aquelas mostras de tipo pasta. A principal diferenza entre elas parte do uso dun feixe moi estreito de raios X na variante de microdifracción, para efectuar medicións altamente focalizadas nunha área moi pequena. A técnica de μ -XRD emprégase xeralmente con mostras pequenas ou non homoxéneas que presentan diferentes composicións.

5.6.3. Microscopia electrónica de barrido acoplada a espectrometría de raios X de dispersión de enerxía (SEM-EDS)

A microscopia electrónica de barrido (*scanning electron microscopy*, SEM) acoplada a espectrometría de raios X de dispersión de enerxía (*energy dispersive X-ray spectrometry*, EDS) é unha técnica que permite proporcionar información cualitativa e cuantitativa sobre a composición superficial dunha mostra (identificación dos elementos e peso dos mesmos, respectivamente). O sistema SEM baséase na espectroscopia de radiación de raios X emitida cando un feixe de electróns de alta intensidade incide sobre a superficie dos materiais que se están analizando. Pola súa parte, o sistema EDS permite a

identificación cuantitativa e a xeración dun espectro de picos único para cada mostra.

Esta técnica emprégase para a análise elemental e caracterización química. Así pois, tamén permite caracterizar microscopicamente unha mostra co fin de obter coñecemento sobre a súa morfoloxía (tamaño e distribución de partículas, existencia de agregados ou grao de homoxeneidade). A SEM-EDS tamén foi empregada na análise de diversos pigmentos [178]. Adicionalmente, pode complementar a información obtida mediante XRF.

Referencias

- [1] Regulation (EC) No 1223/2009 of the European Parliament and of the Council of 30 November 2009 on cosmetic products, Eur. Off. J. L342 (2009) 59–209.
<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/HTML/?uri=OJ:L:2009:342:FULL&from=EN> (acceso 10 Outubro, 2022).
- [2] M. Pauwels, V. Rogiers, Human health safety evaluation of cosmetics in the EU: a legally imposed challenge to science. *Toxicol. Appl. Pharmacol.* 243(2) (2010) 260-274.
<https://doi.org/10.1016/j.taap.2009.12.007>.
- [3] C.L. Lemieux, A.S. Long, I.B. Lambert, S. Lundstedt, M. Tysklind, P.A. White, Cancer risk assessment of polycyclic aromatic hydrocarbon contaminated soils determined using bioassay-derived levels of benzo [a] pyrene equivalents, *E Environ. Sci. Technol.* 49(3) (2015) 1797-1805. <https://doi.org/10.1021/es504466b>.
- [4] C.E. Boström, P. Gerde, A. Hanberg, B. Jernström, C. Johansson, T. Kyrklund, A. Rannug, M. Törnqvist, K. Victorin, R. Westerholm, Cancer risk assessment, indicators, and guidelines for polycyclic aromatic hydrocarbons in the ambient air, *Environ. Health Persp.* 110 (2002) 451-488. <https://doi.org/10.1289/ehp.110-1241197>.
- [5] J.P. Amberg-Müller, U. Hauri, U. Schlegel, C. Hohl, B.J. Brüschweiler, Migration of phthalates from soft PVC packaging into shower and bath gels and assessment of consumer risk, *J. Consum. Prot. Food Saf.* 5 (2010) 429–442.
<https://doi.org/10.1007/s00003-010-0620-0>.

- [6] M.A. Kamrin, Phthalate risks, phthalate regulation, and public health: a review, *J. Toxicol. Env. Health. Part B.* 12(2) (2009) 157-174. <https://doi.org/10.1080/10937400902729226>.
- [7] M. De Falco, M. Forte, V. Laforgia, Estrogenic and anti-androgenic endocrine disrupting chemicals and their impact on the male reproductive system, *Front. Environ. Sci.* 3 (2015) 3. <https://doi.org/10.3389/fenvs.2015.00003>.
- [8] European Commission, Pesticides, (2022). https://ec.europa.eu/food/plants/pesticides_en (acceso 10 Outubro, 2022).
- [9] A. Karci, I. Arslan-Alaton, M. Bekbolet, Advanced oxidation of a commercially important nonionic surfactant: Investigation of degradation products and toxicity, *J. Hazard. Mater.* 263 (2013) 275–82. <https://doi.org/10.1016/j.jhazmat.2013.03.052>.
- [10] P.M. Nagarnaik, B. Boulanger, Advanced oxidation of alkylphenol ethoxylates in aqueous systems, *Chemosphere.* 85 (2011) 854–60. <https://doi.org/10.1016/j.chemosphere.2011.06.105>.
- [11] A. Chisvert, P. Miralles, A. Salvador, Hair dyes in Cosmetics: Regulatory aspects and analytical methods, in: *Anal. Cosmet. Prod.*, 2nd ed., Elsevier, 2018: pp. 159-173. <https://doi.org/10.1016/B978-0-444-63508-2.00008-4>.
- [12] E. Guerra, M. Llompart, C. Garcia-Jares, Analysis of dyes in cosmetics: Challenges and recent developments, *Cosmetics.* 5 (3) (2018) 47. <https://doi.org/10.3390/cosmetics5030047>.
- [13] P. De Ketttenis, The historic and current use of glycol ethers: A picture of change, *Toxicol. Lett.* 156 (2005) 5–11. <https://doi.org/10.1016/j.toxlet.2003.12.076>.
- [14] R.J. Boatman, International industry initiatives to improve the glycol ether health effects knowledge base, *Toxicol. Lett.* 156 (2005) 39–50. <https://doi.org/10.1016/j.toxlet.2003.08.011>.

- [15] G. Johanson, Toxicity review of ethylene glycol monomethyl ether and its acetate ester, *Crit. Rev. Toxicol.* 30 (2000) 307–345. <https://doi.org/10.1080/10408440091159220>.
- [16] R.S. Wang, K. Ohtani, M. Suda, K. Kitagawa, K. Nakayama, T. Kawamoto, T. Nakajima, Reproductive toxicity of ethylene glycol monoethyl ether in Aldh2 knockout mice, *Ind. Health.* 45 (2007) 574–578. <https://doi.org/10.2486/indhealth.45.574>.
- [17] M. Venier, G. Adami, F. Larese, G. Maina, N. Renzi, Percutaneous absorption of 5 glycol ethers through human skin in vitro, *Toxicol. In Vitro.* 18 (2004) 665–671. <https://doi.org/10.1016/j.tiv.2004.03.004>.
- [18] B. Desmedt, M. Canfyn, M. Pype, S. Baudewyns, V. Hanot, P. Courselle, J.O. De Beer, V. Rogiers, K. De Paepe, E. Deconinck, HS–GC–MS method for the analysis of fragrance allergens in complex cosmetic matrices, *Talanta.* 131 (2015) 444–451. <https://doi.org/10.1016/J.TALANTA.2014.08.006>.
- [19] Scientific Committee on Consumer Safety (SCCS), European Commission, Opinion on Fragrance allergens in cosmetic products, 2012. <https://doi.org/10.2772/77628>.
- [20] J.D. Johansen, Fragrance contact allergy: a clinical review, *Am. J. Clin. Dermatol.* 4(11) (2003) 789–798. <https://doi.org/10.2165/00128071-200304110-00006>.
- [21] A. Chisvert, M. López-Nogueroles, P. Miralles, A. Salvador, Perfumes in Cosmetics: Regulatory Aspects and Analytical Methods, in: *Anal. Cosmet. Prod.*, 2nd ed., Elsevier, 2018: pp. 225–248. <https://doi.org/10.1016/B978-0-444-63508-2.00010-2>.
- [22] S. Sousa, D. Pestana, G. Faria, F. Vasconcelos, C. Delerue-Matos, C. Calhau, V.F. Domingues, Method development for the determination of synthetic musks and organophosphorus pesticides

- in human adipose tissue, *J. Pharm. Biomed. Anal.* 191 (2020) 113598. <https://doi.org/10.1016/J.JPBA.2020.113598>.
- [23] M.D. Lundov, L. Moesby, C. Zachariae, J.D. Johansen, Contamination versus preservation of cosmetics: a review on legislation, usage, infections, and contact allergy, *Contact Dermatitis*. 60 (2009) 70-78. <https://doi.org/10.1111/j.1600-0536.2008.01501.x>.
- [24] G. Alvarez-Rivera, M. Llompарт, M. Lores, C. Garcia-Jares, Preservatives in Cosmetics, in: *Anal. Cosmet. Prod.*, 2nd ed., Elsevier, 2018: pp. 175–224. <https://doi.org/10.1016/B978-0-444-63508-2.00009-6>.
- [25] J.F. Schwensen, I.R. White, J.P. Thyssen, T. Menné, J.D. Johansen, Failures in risk assessment and risk management for cosmetic preservatives in Europe and the impact on public health, *Contact Dermatitis*. 73 (2015) 133–141. <https://doi.org/10.1111/COD.12446>.
- [26] A. Pop, C. Berce, P. Bolfa, A. Nagy, C. Catoi, I.B. Dumitrescu, L. Silaghi-Dumitrescu, F. Loghin, Evaluation of the possible endocrine disruptive effect of butylated hydroxyanisole, butylated hydroxytoluene and propyl gallate in immature female rats, *Farmacia*. 61(1) (2013) 202-211.
